Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
h	a persoa e para a comunidade.	como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.	ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.			Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.6.2. Emprende, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.	CAA CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 1º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos						
a c d h	B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.	B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.	VEB5.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a b c d e g h	B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero. B5.3. Dereitos da infancia.	B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando	VEB5.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 1º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
		conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.	VEB5.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.2.3. Emprime, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalía os resultados obtidos.	CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a d e g	B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: institucións internacionais e ONG.	B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos.	VEB5.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.	CAA CSC CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

2.5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Tentarase que a aprendizaxe dos diferentes núcleos temáticos poida ser abordada desde a perspectiva ABP (traballo por proxectos) que, pola súa propia natureza debe adaptarse ás características específicas do grupo-aula no que se traballe.

Como indica o Decreto 86 do 25 de Xuño de 2015, a metodoloxía deberá incluír estratexias que teñan como principio respectar a diversidade do alumnado, por iso, e ao fío dos diferentes desenvolvementos temáticos, propóranse diferentes propostas de actividades que teñan como finalidade que o alumno/a poida aplicar a intelixencia predominante en cada un deles, ao mesmo tempo que se fomenta o traballo colaborativo.

Teremos como fío condutor o diario de clase, onde o alumnado irá recollendo, as aprendizaxes, reflexión, creacións e achegas. Este diario de clase se avaliará tendo en conta os criterios de avaliación e a consecución dos estándares de aprendizaxe. O instrumento de avaliación será o presentado no apartado 2.7 Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

2.6. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do curso e serán fundamentalmente:

- Libro dixital: Valores éticos 1º de ESO. E-DIXGAL
- Fichas de traballo.
- Apuntes.
- Explicacións do profesor.
- Material en vídeo complementario a cada unidade didáctica.

2.7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

a) Criterios de avaliación

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- Comprensión e análise dos problemas relacionados coa valoración de procesos de decisión persoal e/ou social.
- Capacidade de xustificación e argumentación das ideas expostas.
- Capacidade de análise dos argumentos e contraargumentos propostos para a resolución de dilemas éticos.
- Comprensión das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e os factores fundamentais que inflúen na vida social e no desenvolvemento moral da persoa.
- Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- Conseguir un grao de integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas acción cotiás no centro de ensino.

b) Criterios de cualificación

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

- Traballos na aula recollidos no Diario de clase do alumno/a: 75%.
- Actitude na aula 25%.

Instrumentos de avaliación

- Caderno do profesor para valorar as actitudes na aula.
- Caderno do alumno: onde se avaliarán os traballos realizados e as exposicións na aula rúbrica de avaliación de estándares de aprendizaxe.
- Actitude na aula. Caderno do profesor. Ficha do alumno/a. (max. 2,5 puntos)

• Cumprimento das indicacións do profesor.	0,25
• Respecto do quenda de palabra.	0,25
• Traer o material de traballo.	0,25
• Participación na clase	0,25
• Coidado do material persoal e da aula	0,25
• Manter un comportamento e unha postura correcta	0,25

• Puntualidade e orde nas entradas e saídas da aula	0,25
• Aproveitamento do tempo de traballo persoal	0,25
• Non faltas de asistencia inxustificadas	0,25
• Actitude colaboradora e implicación coa materia	0,25

- Diario de aula (max. 7,5 puntos) no diario de clase serán o medio para medir o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e competencias clave. Os criterios de corrección dos traballos do alumno serán os seguintes:
 - Deberán presentarse todos os traballos na orde na que foron propostos e realizados na aula.
 - No caso de que algún traballo non se realizase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.
 - Os traballos estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados polos de outros alumnos.
 - A presentación dos traballos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
 - A calidade dos traballos presentados, as respostas elaboradas, a boa redacción, o traballo de reflexión, a recompilación de datos, a calidade da exposición oral.

A análise dos niveis de adquisición das competencias claves farase con arrego á seguinte rúbrica:

Rúbrica de avaliación do Diario de Clase

Criterio de avaliación	puntuación
A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades	1 punto
Comprensión e análise dos problemas relacionados coa valoración de procesos de decisión persoal e/ou social	1 punto
Capacidade de xustificación e argumentación das ideas expostas	1 punto
Capacidade de análise dos argumentos e contraargumentos propostos para a resolución de dilemas éticos	1 punto
Comprensión das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.	1 punto
Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e os factores fundamentais que inflúen na vida social e no desenvolvemento moral da persoa	1 punto
Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas	1 punto
Conseguir un grao de integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.	0,5 puntos

A recuperación das diferentes avaliacións no caso de estar suspensas consistirá na elaboración de todos os traballos non presentados e/ou suspensos e na modificación da actitude na seguinte avaliación.

Dada a situación actual provocada polo COVID 19, no caso de confinamento, a avaliación tería en conta únicamente os traballos realizados e entregados polo alumnado por medio da aula virtual do centro. Esta programación está basada en estándares de aprendizaxe mínimos, polo que en caso de confinamento ou semipresencialidade, adaptaránse os contidos (que xa son contidos mínimos), reducíndoos o máximo posible de tal xeito que permitan superar os estándares de aprendizaxe.

c) Criterios de promoción

Para acadar o nivel de suficiencia final o alumnado deberá obter unha cualificación Media do 50% en cada un dos instrumentos de avaliación aplicados: caderno do alumnado e avaliación da actitude na aula.

d) Avaliación extraordinaria

O exame extraordinario de setembro responderá ao seguinte esquema:

Realización dunha composición sobre calquera dos temas desenvolto no programa cun mínimo de 500 palabras, (5 puntos).

Exemplo:

- Composición cunha extensión mínima de cincocentas palabras.
- Tema: Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.
- Valoración: 10 % presentación; 10% ortografía; 30% expresión; 50% contidos.

2.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

a) Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia				
9. A avaliación foi obxectiva				
10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada				

b) Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
17. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

2.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por ser este o primeiro curso de desenvolvemento da materia non haberá alumnado coa materia pendente.

2.10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para superar a materia

O alumnado que:

- Se incorpore ao curso académico na derradeira avaliación.
- Proveña de plans de estudos anteriores.

- Realizará un exame final escrito, no que o alumno deberá demostrar especialmente o seu coñecemento dos contidos mínimos e a aplicación dos procedementos establecidos na programación.

Os mesmos criterios servirán para a proba extraordinaria de setembro.

O exame de acreditación responderá ao seguinte esquema:

- Realización dunha composición sobre calquera dos temas desenvolto no programa cun mínimo de 500 palabras, (5 puntos).

Exemplo:

Composición cunha extensión mínima de cincocentas palabras.

Tema: Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.

Valoración: 10 % presentación; 10% ortografía; 30% expresión; 50% contidos.

2.11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se proporá un dilema moral ao que o alumno deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá situar o nivel moral do individuo segundo a seguinte rúbrica.

NIVEL	ESTADIO	O ben	Razóns	Perspectiva social
I: Preconvencional	1. Heterónimo	Evitar o castigo. Obediencia por si mesma.	Poder superior da autoridade.	Non considera os intereses de outros. Non relaciona puntos de vista. Confunde a perspectiva da autoridade ca propia.
	2. Individualista	Interese individual. Un intercambio xusto. Deixar actuar ao outro segundo os seus intereses.	Servir aos propios intereses recoñecendo os dos demais.	Conciencia dos intereses alleos. O ben é relativo a cada persoa.
II: Convencional	3. Interpesonal	Vivir conforme ao que se espera de un. Ter bos motivos e mostrar interese polos demais. Manter relacións de respecto e gratitude	Necesidade de ser boa persoa diante dos demais e de un mesmo.	Perspectiva respecto a outros individuos. Conciencia de intereses compartidos. Interese pola aceptación social.
	4. Sistema social e conciencia	Cumprir coas promesas. Manter as leis agás en casos extremos. Contribuír á sociedade e ao grupo	Faltar á lei só sería un problema "se todos fixeran o mesmo". Cumprir coas obrigacións.	Diferenza entre o interese social e os acordos entre grupos. Defende o sistema
III: Postconvencional	5. Contrato social	A imparcialidade e o contrato social. Algunhas cousas son boas en si mesmas e mantéñense en todas as sociedades.	Axustarse ás leis polo ben común e os dereitos de todos. As leis deben ser racionais e útiles para o maior número de xente.	É consciente do estado anterior ao social e ve a sociedade coma un contrato. Considera que o punto de vista legal e o moral, en ocasións, entran en conflito.

	6. Principios universais	Identifícase con principios xerais: a igualdade, a dignidade dos individuos.	Crenza en principios morais universais xustificados racionalmente. Coherencia e compromiso persoal. Posibilidade de universalizar e reverter as normas.	Individuo racional que recoñece o feito de que as persoas son fins en si mesmas e debe tratalas dese xeito
--	--------------------------	------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------

En función dos resultados desta proba adaptaranse as actividades propostas nas unidades didácticas e as tarefas finais propostas para cada avaliación.

2.12. Medidas de atención á diversidade

Proporanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, cómics, videopresentacións, textos...).

A través da aula virtual da materia garantirase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases.

2.13. Concreción dos elementos transversais

Os elementos transversais do currículo da materia de Filosofía serán os establecidos no currículo oficial da materia:

- A educación cívica e constitucional.
- A comprensión de lectura.
- A corrección na expresión oral e escrita.
- Uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC.
- Emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade.
- A orientación da conduta cara valores democráticos e éticos.

2.14. Actividades complementarias e extraescolares

As previstas no Plan anual do Centro.

2.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizarase unha comprobación dos indicadores seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				

6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

2.16. Plan lector

O proposto para o Plan Lector del Centro.

2.17. Plan TIC

- Uso e manexo da información en contextos dixitais.
- Creación de materiais dixitais como resultado das tarefas propostas ao longo do curso.
- Participación en blogs e plataformas dixitais para crear un PLE.
- Aprendizaxe e uso das aulas dixitais en contorno MOODLE.
- Uso do Entorno Virtual de Aprendizaxe - Educación Dixital - Proxecto Abalar (EDIXGAL).
- Uso da plataforma en liña que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Agueiro.

3. Valores éticos de 2º de ESO

3.1. Introducción

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas. O decreto que regula esta materia apunta, a oportunidade que “brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver e potenciar a continuidade con outros cursos e niveis.

3.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

É fundamental o tratamento que esta materia fai de algunhas das competencias básicas do currículo:

- CSC: o respecto polo outro, o respecto á regras do debate, a busca dun consenso e a eliminación de prexuízos.
- CCL: na necesidade de rigor e claridade de expresión. A lectura de textos de pensadores relevantes da nosa cultura aumenta a capacidade lingüística e reflexiva.
- CAA: na busca autónoma de respostas, o crecemento persoal e cognitivo e o aprecio pola creatividade o respecto.
- CCMT: a través da crítica e análise das achegas científicas e tecnolóxicas e a súa influencia nos valores e na vida dos individuos.
- CD: a través dos traballos colaborativos de busca de información nas redes e procesamento da información e comunicación por diferentes canles.

3.3. Concreción de obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- j) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

3.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Valores éticos. 2º de ESO PRIMER TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 1. A dignidade da persoa						
a d h l	B1.1. Conceptos de persoa achegados pola filosofía.	B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a	VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa,	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos:

Valores éticos. 2º de ESO PRIMER TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
		dignidade que posúe polo feito de ser libre.	analizando algunhas definicións achegadas por filósofos/as.			Caderno do profesor Caderno do alumnado
a c d h l	B1.2. Visión kantiana: a persoa como suxeito autónomo e como un fin en si mesma.	B1.2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da persoa, coa finalidade de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	VEB1.2.1. Explica a concepción kantiana do concepto de persoa, como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB1.2.2. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesma, rexeitando a posibilidade de ser tratada por outros como instrumento para alcanzar fins alleos a ela.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a b d h l	B1.3. Noción aristotélica da virtude: relación cos actos, os hábitos e o carácter. Virtudes éticas.	B1.3. Entender a relación entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.	VEB1.3.1. Sinala en que consiste a virtude e as súas características en Aristóteles, indicando a súa relación cos actos, os hábitos e o carácter.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB1.3.2. Enumera algúns dos beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identifica algunhas destas e ordénaas segundo un criterio racional.	CAA CCL CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais						
a b e g h	B2.1. Diferenzas entre ética e dereito. B2.2. Posibles conflitos entre os valores que regulan a vida privada e os que regulan a vida pública.	B2.1. Distinguir, na persoa, os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	VEB2.1.1. Distingue entre os ámbitos de acción que corresponden á ética e ao dereito, e expón as súas conclusións mediante unha presentación elaborada con medios informática.	CCL CD	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO PRIMER TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			VEB2.1.2. Reflexiona arredor do problema da relación entre estes dous campos, o privado e o público, e a posibilidade de que exista un conflito de valores éticos entre ambos, así como a forma de atopar unha solución baseada nos valores éticos, exemplificando de maneira concreta tales casos, e expón as súas posibles solucións fundamentadas eticamente.	CCL CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 3. A reflexión ética						
a d h	B3.1. Diferenza entre ética e moral. B3.2. Reflexión ética como guía racional de conduta.	B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas, e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de xeito racional a conduta do ser humano á súa plena realización.	VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral, no que se refire á súa orixe e á súa finalidade.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética, como unha guía racional de conduta necesaria na vida do ser humano, expresando de forma apropiada os argumentos en que se fundamenta.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a b d g h	B3.3. Estrutura moral da persoa. B3.4. Etapas do desenvolvemento moral en Piaget e Kohlberg. Paso da heteronomía á autonomía moral.	B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas	VEB3.2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre, razón pola que esta é responsable da súa conduta e das consecuencias desta.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
		éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía do seu comportamento.	VEB3.2.2. Explica as tres etapas do desenvolvemento moral na persoa, segundo a teoría de Piaget ou a de Kohlberg, e as características propias de cada unha, destacando como se pasa da heteronomía á autonomía moral.	CCL CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Caderno do alumnado Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
ag h	B3.5. A liberdade como raíz da estrutura moral da persoa.	B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa, e apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.	VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e estrutura moral.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
abcd e g h	B3.6. Características distintivas dos valores éticos. B3.7. Valores éticos e dignidade humana.	B3.4. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	VEB3.4.1. Describe as características distintivas dos valores éticos, utilizando exemplos concretos deles e apreciando a súa relación esencial coa dignidade humana e a conformación dunha personalidade xusta e satisfactoria.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.4.2. Emprega o espírito emprendedor para realizar, en grupo, unha campaña destinada a difundir a importancia de respectar os valores éticos, tanto na vida persoal como na social.	CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
ab h l	B3.8. Normas. Especificidade das normas éticas. B3.9. Relativismo moral dos sofistas. B3.10. Intelectualismo moral en Sócrates e Platón.	B3.5. Establecer o concepto de normas éticas e apreciar a súa importancia, identificando as súas características e a natureza da súa orixe e validez, mediante o coñecemento do debate ético	VEB3.5.1. Define o concepto de norma e de norma ética, distinguíndoa das normas xurídicas, relixiosas, etc.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
	B3.11. Relativismo moral fronte a obxectivismo moral.	que existiu entre Sócrates e os sofistas.	VEB3.5.2. Sinala quen foron os sofistas e algúns dos feitos e das razóns en que se fundamentaba a súa teoría relativista da moral, destacando as consecuencias que esta ten na vida das persoas.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.5.3. Coñece os motivos que levaron a Sócrates a afirmar o "intelectualismo moral", e explica en que consiste e a postura de Platón ao respecto.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.5.4. Compara o relativismo e o obxectivismo moral apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade, e expresa opinións de forma argumentada.	CCL CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
b e g h l	B3.12. Clasificación das teorías éticas: éticas de fins e éticas procedementais. B3.13. A ética de Epicuro como ética de fins.	B3.6. Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.	VEB3.6.1. Enuncia os elementos distintivos das "teorías éticas" e argumenta a súa clasificación en éticas de fins e éticas procedementais, e elabora un esquema coas súas características máis destacadas.	CAA CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.6.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.6.3. Elabora, en colaboración co grupo, argumentos a favor e/ou en contra do epicureísmo, e expón as súas	CAA CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos:

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			conclusións cos argumentos racionais correspondentes.			Caderno do profesor Caderno do alumnado
b h l	B3.14. O eudemonismo aristotélico como ética de fins. B3.15. O ben supremo da persoa en Aristóteles e as tres tendencias da alma.	B3.7. Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a vivencia actuais.	VEB3.7.1. Explica o significado do termo "eudemonismo" e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, e elabora e expresa conclusións.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.7.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles, e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.7.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría da ética de fins.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
b g h l	B3.16. O utilitarismo como ética de fins: principio de utilidade; concepto de pracer; compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal; localización do valor moral nas consecuencias da acción.	B3.8. Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal arredor desta formulación ética.	VEB3.8.1. Fai unha re-censión das ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a localización do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.8.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicurismo unhas éticas de fins.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			VEB3.8.3. Argumenta racionalmente as súas opinións sobre a ética utilitarista.	CCL CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
Bloque 4. A xustiza e a política						
a b e h l	B4.1. Relación entre ética, política e xustiza no pensamento aristotélico. B4.2. Semellanzas, diferenzas e relacións entre valores éticos e valores cívicos.	B4.1. Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.	VEB4.1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo necesario entre ética, política e xustiza.	CCEC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB4.1.2. Utiliza e selecciona información sobre os valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas, as diferenzas e as relacións entre eles.	CAA	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
b e g h l	B4.3. A política de Aristóteles. B4.4. Concepto aristotélico de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade.	B4.2. Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, e entender o seu concepto de xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico sobre a perspectiva deste filósofo.	VEB4.2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, sobre a política aristotélica como unha teoría organicista, cunha finalidade ética e que atribúe a función educativa ao Estado.	CSIEE CD CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB4.2.2. Selecciona e usa información, en colaboración co grupo, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles lle dá á xustiza como valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, e expón as súas	CAA CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			conclusións persoais debidamente fundamentadas.			

Valores éticos. 2º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos						
b e h	B5.1. Relacións entre ética e dereito.	B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións.	VEB5.1.1. Procura e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, as semellanzas e os vínculos entre a ética e o dereito.	CCL CD	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía						
a b d e f g h m	B6.1. Dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía polo seu impacto en todos os ámbitos da vida humana. B6.2. Valores recoñecidos na DUDH como criterio para fixar límites á investigación científico-tecnolóxica.	B6.1. Recoñecer a importancia da dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos, coa finalidade de orientar a súa actividade consistente os valores defendidos pola DUDH.	VEB6.1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana (social, económico, político, ético e ecolóxico, etc.). VEB6.1.2. Achega argumentos que fundamentan a necesidade de pór límites éticos e xurídicos á investigación práctica, tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo. VEB6.1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expor as súas conclusións sobre o tema tratado, uti-	CAA CMCCT CSC CCL CMCCT CSC CD CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes 50% nas listas de cotexo correspondentes 50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 2º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			lizando medios informáticos e audiovisuais, de xeito argumentado e ordenado racionalmente.			Caderno do profesor Caderno do alumnado
adgm	B6.3. Problemas da tecnoddependencia.	B6.2. Entender e valorar o problema da tecnoddependencia e a alienación humana á que conduce.	VEB6.2.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnoddependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e estimando as súas consecuencias negativas, como unha adición incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conduce as persoas cara a unha progresiva deshumanización.	CMCCT	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
abdefghm	B6.4. Dilemas morais que presentan os avances en medicina e biotecnoloxía.	B6.3. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no campo científico e tecnolóxico, coa finalidade de evitar a súa aplicación inadecuada e solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan, nomeadamente no terreo da medicina e a biotecnoloxía.	VEB6.3.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, coa finalidade de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais (utilización de células nai, clonación, euxeñese, etc.), sinalando algúns perigos que estes encerran de prescindir do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CCL CMCCT CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB6.3.2. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as opinións que se expresan na confrontación de ideas, coa finalidade de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de empregar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.	CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

3.5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Tentarase que a aprendizaxe dos diferentes núcleos temáticos poida ser abordada desde a perspectiva ABP (traballo por proxectos) que, pola súa propia natureza debe adaptarse ás características específicas do grupo-aula no que se traballe.

Como indica o Decreto 86 do 25 de Xuño de 2015, a metodoloxía deberá incluír estratexias que teñan como principio respectar a diversidade do alumnado, por iso, e ao fío dos diferentes desenvolvementos temáticos, proponanse diferentes propostas de actividades que teñan como finalidade que o alumno/a poida aplicar a intelixencia predominante en cada un deles, ao mesmo tempo que se fomenta o traballo colaborativo.

Teremos como fío condutor o diario de clase, onde o alumnado irá recollendo, as aprendizaxes, reflexión, creacións e achegas. Este diario de clase se avaliará tendo en conta os criterios de avaliación e a consecución dos estándares de aprendizaxe. O instrumento de avaliación será o presentado no apartado 3.7 Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

3.6. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do curso e serán fundamentalmente:

- Libro dixital: Valores éticos 1º de ESO. E-DIXGAL
- Fichas de traballo.
- Apuntes.
- Explicacións do profesor.
- Material en vídeo complementario a cada unidade didáctica.

Non é necesario o uso dun libro de texto, pero o profesor poderá recomendar algún no caso de que o alumnado así o requira.

3.7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

a) Criterios de avaliación

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
17. Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

4.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por ser este o primeiro curso de desenvolvemento da materia non haberá alumnado coa materia pendente.

4.10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para superar a materia

O alumnado que:

- Se incorpore ao curso académico na derradeira avaliación.
- Proveña de plans de estudos anteriores.
 - Realizará un exame final escrito, no que o alumno deberá demostrar especialmente o seu coñecemento dos contidos mínimos e a aplicación dos procedementos establecidos na programación.

Os mesmos criterios servirán para a proba extraordinaria de setembro.

O exame de acreditación responderá ao seguinte esquema:

- Realización dunha composición sobre calquera dos temas desenvolto no programa cun mínimo de 500 palabras, (5 puntos).

Exemplo:

Composición cunha extensión mínima de cinco centas palabras.

Tema: Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.

Valoración: 10 % presentación; 10% ortografía; 30% expresión; 50% contidos.

4.11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se proporá un dilema moral ao que o alumno deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá situar o nivel moral do individuo segundo a seguinte rúbrica.

NIVEL	ESTADIO	O ben	Razóns	Perspectiva social
I: Preconvencional	1. Heterónimo	Evitar o castigo. Obediencia por si mesma.	Poder superior da autoridade.	Non considera os intereses de outros. Non relaciona puntos de vista. Confunde a perspectiva da autoridade ca propia.
	2. Individualista	Interese individual. Un intercambio xusto. Deixar actuar ao outro segundo os seus intereses.	Servir aos propios intereses recoñecendo os dos demais.	Conciencia dos intereses alleos. O ben é relativo a cada persoa.
II: Convencional	3. Interpesonal	Vivir conforme ao que se espera de un. Ter bos motivos e mostrar interese polos demais. Manter relacións de respecto e gratitude	Necesidade de ser boa persoa diante dos demais e de un mesmo.	Perspectiva respecto a outros individuos. Conciencia de intereses compartidos. Interese pola aceptación social.
	4. Sistema social e conciencia	Cumprir coas promesas. Manter as leis agás en casos extremos. Contribuír á sociedade e ao grupo	Faltar á lei só sería un problema "se todos fixeran o mesmo". Cumprir coas obrigacións.	Diferenza entre o interese social e os acordos entre grupos. Defende o sistema
III: Postconvencional	5. Contrato social	A imparcialidade e o contrato social. Algunhas cousas son boas en si mesmas e mantéñense en todas as sociedades.	Axustarse ás leis polo ben común e os dereitos de todos. As leis deben ser racionais e útiles para o maior número de xente.	É consciente do estado anterior ao social e ve a sociedade coma un contrato. Considera que o punto de vista legal e o moral, en ocasións, entran en conflito.
	6. Principios universais	Identifícase con principios xerais: a igualdade, a dignidade dos individuos.	Crenza en principios morais universais xustificados racionalmente. Coherencia e compromiso persoal. Posibilidade de universalizar e reverter as normas.	Individuo racional que recoñece o feito de que as persoas son fins en si mesmas e debe tratalas dese xeito

En función dos resultados desta proba adaptaranse as actividades propostas nas unidades didácticas e as tarefas finais propostas para cada avaliación.

4.12. Medidas de atención á diversidade

Proporanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adaptan mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, cómics, videopresentacións, textos...).

A través da aula virtual da materia garantírase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases.

4.13. Concreción dos elementos transversais

Os elementos transversais do currículo da materia de Filosofía serán os establecidos no currículo oficial da materia:

- A educación cívica e constitucional.
- A comprensión de lectura.
- A corrección na expresión oral e escrita.
- Uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC.
- Emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade.
- A orientación da conduta cara valores democráticos e éticos.

4.14. Actividades complementarias e extraescolares

As previstas no Plan anual do Centro.

4.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizárase unha comprobación dos indicadores seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

4.16. Plan lector

O proposto para o Plan Lector del Centro

4.17. Plan TIC

- Uso e manexo da información en contextos dixitais.
- Creación de materiais dixitais como resultado das tarefas propostas ao longo do curso.

- Participación en blogs e plataformas dixitais para crear un PLE.
- Aprendizaxe e uso das aulas dixitais en contorno MOODLE.
- Uso da comunidade virtual Agueiro.

5. Valores éticos de 4º de ESO

5.1. Introducción

A materia de valores éticos debe atender a unha formación integral da persoa e afondar no tratamento transversal dos problemas. O decreto que regula esta materia apunta, a oportunidade que “brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación.

Dado que a materia ten unha presenza semanal de 1 hora, semella importante seleccionar moi ben a metodoloxía e os contidos a desenvolver e potenciar a continuidade con outros cursos e niveis.

5.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

É fundamental o tratamento que esta materia fai de algunhas das competencias básicas do currículo:

- CSC: o respecto polo outro, o respecto á regras do debate, a busca dun consenso e a eliminación de prexuízos.
- CCL: na necesidade de rigor e claridade de expresión. A lectura de textos de pensadores relevantes da nosa cultura aumenta a capacidade lingüística e reflexiva.
- CAA: na busca autónoma de respostas, o crecemento persoal e cognitivo e o aprecio pola creatividade o respecto.
- CCMT: a través da crítica e análise das achegas científicas e tecnolóxicas e a súa influencia nos valores e na vida dos individuos.
- CD: a través dos traballos colaborativos de busca de información nas redes e procesamento da información e comunicación por diferentes canles.

5.3. Concreción de obxectivos

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- j) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

5.4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

Valores éticos. 4º de ESO PRIMEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 1. A dignidade da persoa						
a b c d h	B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH. B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade. B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.	B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria.	CAA	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 4º de ESO PRIMEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			ria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.			
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais						
a b c d e g h	B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.	B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.	VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresaíntes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado.	CCL CD CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a c d g h	B2.2. Fenómeno da socialización global. B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais. B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflicto entre liberdade de expresión outros dereitos.	B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.	VEB2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc.	CCEC CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 4º de ESO PRIMEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			VEB2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.	CCEC CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás.	CCEC CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 4º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 3. A reflexión ética						
a d f h	B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH. B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.	B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como o instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuídores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía,	CMCCT CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos:

Valores éticos. 4º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).			Caderno do profesor Caderno do alumnado
adghm	B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.	B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.	VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a.	CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
abdhl	B3.4. Éticas formais e éticas materiais. B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental.	B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.	VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
bcd e	B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como unha ética formal, que	B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que	VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o	CAA	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula

Valores éticos. 4º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
g h	ética formal. Relación coa ética de Kant.	salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.	imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.			Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.	CD CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
Bloque 4. A xustiza e a política						
a c d h l	B4.1. Democracia e xustiza. B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.	B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social.	VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a c d h l	B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos. B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.	B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumento indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.	VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a	CAA CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 4º de ESO SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			perda de liberdade humana, etc.).			
			VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vivencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

Valores éticos. 4º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)						
a d g h	B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética. B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.	B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.	VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde civil,	CCL CCL CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes 50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor

Valores éticos. 4º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia.			Caderno do alumnado
a b c d e g h	B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.	B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.	VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).	CAA CD	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
a b c d e g h	B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciáveis. B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social. B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.	B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciáveis, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e reconece os retos que aínda teñen que superar.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo,	CCEC CD CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor

Valores éticos. 4º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.			Caderno do alumnado
a b d e g h	B5.7. Dereito á seguridade e a paz. B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia. B5.9. Ameazas á paz.	B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.	VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).	CCL	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.4.3. Emrende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas.	CD CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos:

Valores éticos. 4º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			zas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).			Caderno do profesor Caderno do alumnado
a d h	B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española. B5.11. Misións das Forzas Armadas. B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.	B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e a aplicación da forza e do poder.	VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
			VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.	CSC	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.						
a b e f h m	B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.	B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade	VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos	CAA CMCCT CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Produción do alumnado Actitude na Aula Procedementos:

Valores éticos. 4º de ESO TERCEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
		en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.	científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.			Caderno do profesor Caderno do alumnado
a d f g h	B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.	B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.	VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial.	CMCCT CSC CSIEE	50% nas listas de cotexo correspondentes	Instrumentos: Producción do alumnado Actitude na Aula Procedementos: Caderno do profesor Caderno do alumnado

5.5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Tentarase que a aprendizaxe dos diferentes núcleos temáticos poida ser abordada desde a perspectiva ABP (traballo por proxectos) que, pola súa propia natureza debe adaptarse ás características específicas do grupo-aula no que se traballe.

Como indica o Decreto 86 do 25 de Xuño de 2015, a metodoloxía deberá incluír estratexias que teñan como principio respectar a diversidade do alumnado, por iso, e ao fío dos diferentes desenvolvementos temáticos, propóranse diferentes propostas de actividades que teñan como finalidade que o alumno/a poida aplicar a intelixencia predominante en cada un deles, ao mesmo tempo que se fomenta o traballo colaborativo.

Teremos como fío condutor o diario de clase, onde o alumnado irá recollendo, as aprendizaxes, reflexión, creacións e achegas. Este diario de clase se avaliará tendo en conta os criterios de avaliación e a consecución dos estándares de aprendizaxe. O instrumento de avaliación será o presentado no apartado 5.7 Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

5.6. Materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do curso e serán fundamentalmente:

- Fichas de traballo.
- Apuntes.
- Explicacións do profesor.
- Material en vídeo complementario a cada unidade didáctica.

Non é necesario o uso dun libro de texto, pero o profesor poderá recomendar algún no caso de que o alumnado así o requira.

5.7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

a) Criterios de avaliación

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- Comprensión e análise dos problemas relacionados coa valoración de procesos de decisión persoal e/ou social.
- Capacidade de xustificación e argumentación das ideas expostas.
- Capacidade de análise dos argumentos e contraargumentos propostos para a resolución de dilemas éticos.
- Comprensión das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e os factores fundamentais que inflúen na vida social e no desenvolvemento moral da persoa.
- Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- Conseguir un grao de integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

b) Criterios de cualificación

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

- Traballos na aula recollidos no Diario de clase do alumno/a: 75%.
- Actitude na aula 25%.

Instrumentos de avaliación

- Caderno do profesor para valorar as actitudes na aula.
- Caderno do alumno: onde se avaliarán os traballos realizados e as exposicións na aula rúbrica de avaliación de estándares de aprendizaxe.
- Actitude na aula. Caderno do profesor. Ficha do alumno/a. (max. 2,5 puntos)

• Cumprimento das indicacións do profesor.	0,25
• Respecto do quenda de palabra.	0,25
• Traer o material de traballo.	0,25
• Participación na clase	0,25
• Coidado do material persoal e da aula	0,25
• Manter un comportamento e unha postura correcta	0,25
• Puntualidade e orde nas entradas e saídas da aula	0,25
• Aproveitamento do tempo de traballo persoal	0,25
• Non faltas de asistencia inxustificadas	0,25
• Actitude colaboradora e implicación coa materia	0,25

- Diario de aula (max. 7,5 puntos) no diario de clase serán o medio para medir o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e competencias clave. Os criterios de corrección dos traballos do alumno serán os seguintes:
 - Deberán presentarse todos os traballos na orde na que foron propostos e realizados na aula.
 - No caso de que algún traballo non se realizase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.
 - Os traballos estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados polos de outros alumnos.

- A presentación dos traballos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A calidade dos traballos presentados, as respostas elaboradas, a boa redacción, o traballo de reflexión, a recompilación de datos, a calidade da exposición oral.

A análise dos niveis de adquisición das competencias claves farase con arrego á seguinte rúbrica:

Rúbrica de avaliación do Diario de Clase

Critério de avaliación	puntuación
A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades	1 punto
Comprensión e análise dos problemas relacionados coa valoración de procesos de decisión persoal e/ou social	1 punto
Capacidade de xustificación e argumentación das ideas expostas	1 punto
Capacidade de análise dos argumentos e contraargumentos propostos para a resolución de dilemas éticos	1 punto
Comprensión das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.	1 punto
Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e os factores fundamentais que inflúen na vida social e no desenvolvemento moral da persoa	1 punto
Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas	1 punto
Conseguir un grao de integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.	0,5 puntos

A recuperación das diferentes avaliacións no caso de estar suspensas consistirá na elaboración de todos os traballos non presentados e/ou suspensos e na modificación da actitude na seguinte avaliación.

Dada a situación actual provocada pola COVID 19, no caso de un posible confinamento, a avaliación terá en conta unicamente os traballos realizados e entregados polo alumnado a través da aula virtual do centro. Esta programación está baseada en estándares de aprendizaxe mínimos, polo que en caso de confinamento ou semipresencialidade, adaptaránse os contidos (que xa son contidos mínimos), reducíndoos o máximo posible de tal xeito que permitan superar os estándares de aprendizaxe.

c) Criterios de promoción

Para acadar o nivel de suficiencia final o alumnado deberá obter unha cualificación Media do 50% en cada un dos instrumentos de avaliación aplicados: Caderno do alumnado e avaliación da actitude na aula.

d) Avaliación extraordinaria

O exame extraordinario de setembro responderá ao seguinte esquema:

Realización dunha composición sobre calquera dos temas desenvolto no programa cun mínimo de 500 palabras, (5 puntos).

Exemplo:

- Composición cunha extensión mínima de cincocentas palabras.
- Tema: Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.
- Valoración: 10 % presentación; 10% ortografía; 30% expresión; 50% contidos.

5.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

a) Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia				
9. A avaliación foi obxectiva				
10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada				

b) Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

5.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Por ser este o primeiro curso de desenvolvemento da materia non haberá alumnado coa materia pendente.

5.10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para superar a materia

O alumnado que:

- Se incorpore ao curso académico na derradeira avaliación.
- Proveña de plans de estudos anteriores.
 - Realizará un exame final escrito, no que o alumno deberá demostrar especialmente o seu coñecemento dos contidos mínimos e a aplicación dos procedementos establecidos na programación.

Os mesmos criterios servirán para a proba extraordinaria de setembro.

O exame de acreditación responderá ao seguinte esquema:

- Realización dunha composición sobre calquera dos temas desenvolto no programa cun mínimo de 500 palabras, (5 puntos).

Exemplo:

Composición cunha extensión mínima de cincocentas palabras.

Tema: Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.

Valoración: 10 % presentación; 10% ortografía; 30% expresión; 50% contidos.

5.11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se proporá un dilema moral ao que o alumno deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa elección.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares do test moral de Kohlberg e permitirá situar o nivel moral do individuo segundo a seguinte rúbrica.

NIVEL	ESTADIO	O ben	Razóns	Perspectiva social
I: Preconvencional	1. Heterónomo	Evitar o castigo. Obediencia por si mesma.	Poder superior da autoridade.	Non considera os intereses de outros. Non relaciona puntos de vista. Confunde a perspectiva da autoridade ca propia.
	2. Individualista	Interese individual. Un intercambio xusto. Deixar actuar ao outro segundo os seus intereses.	Servir aos propios intereses recoñecendo os dos demais.	Conciencia dos intereses alleos. O ben é relativo a cada persoa.
II: Convencional	3. Interpesonal	Vivir conforme ao que se espera de un. Ter bos motivos e mostrar interese polos demais. Manter relacións de respecto e gratitude	Necesidade de ser boa persoa diante dos demais e de un mesmo.	Perspectiva respecto a outros individuos. Conciencia de intereses compartidos. Interese pola aceptación social.
	4. Sistema social e conciencia	Cumprir coas promesas. Manter as leis agás en casos extremos. Contribuír á sociedade e ao grupo	Faltar á lei só sería un problema "se todos fixeran o mesmo". Cumprir coas obrigacións.	Diferenza entre o interese social e os acordos entre grupos. Defende o sistema
III: Postconvencional	5. Contrato social	A imparcialidade e o contrato social. Algunhas cousas son boas en si mesmas e mantéñense en todas as sociedades.	Axustarse ás leis polo ben común e os dereitos de todos. As leis deben ser racionais e útiles para o maior número de xente.	É consciente do estado anterior ao social e ve a sociedade coma un contrato. Considera que o punto de vista legal e o moral, en ocasións, entran en conflito.
	6. Principios universais	Identifícase con principios xerais: a igualdade, a dignidade dos individuos.	Crenza en principios morais universais xustificados racionalmente. Coherencia e compromiso persoal. Posibilidade de universalizar e reverter as normas.	Individuo racional que recoñece o feito de que as persoas son fins en si mesmas e debe tratalas dese xeito

En función dos resultados desta proba adaptaranse as actividades propostas nas unidades didácticas e as tarefas finais propostas para cada avaliación.

5.12. Medidas de atención á diversidade

			FIB6.9.2. Contrasta e relaciona algunhas construcións simbólicas fundamentais no contexto da cultura occidental, e analiza, de xeito colaborativo, textos literarios, audicións musicais e visualizacións	CAA CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

Filosofía. 1º de bacharelato segundo trimestre						
			de obras de arte para explicar os contidos da unidade.			
a b d e h n p	B6.24. Relación da arte coa ética, co coñecemento e coa técnica.	B6.10. Relacionar a creación artística con outros campos como o da ética, o coñecemento e a técnica.	FIB6.10.1. Diserta sobre a relación e a posibilidade transformadora da realidade humana, a creación artística, a ciencia e a ética.	CSC CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
b d e h n p	B6.25. Sentimento, experiencia e xuízo estético. Beleza. Creación artística e sociedade. Abstracción artística e pensamento metafísico. A arte como xustificación ou como crítica da realidade. B6.26. Filosofía e arte. Filosofía e literatura. Filosofía e música.	B6.11. Analizar textos en que se comprenda o valor da arte, a literatura e a música como vehículos de transmisión do pensamento filosófico, utilizando con precisión o vocabulario específico propio da estética filosófica.	FIB6.11.1. Coñece e describe algúns dos elementos fundamentais da reflexión estética sobre a arte, analizando textos significativos de filósofos como Platón, Schelling, Hume, Kant, Nietzsche, Walter Benjamin, Gadamer, Marcuse ou Adorno, entre outros, e aplica esas ideas ao estudo de diversas obras de arte.	CCEC	50% Exame	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
			FIB6.11.2. Entende o valor filosófico da literatura, analizando textos breves de pensadores e literatos como Platón, Santo Agostiño, Calderón de la Barca, Pío Baroja, A. Machado, Voltaire, Goethe, Sartre, Unamuno, Borges ou Camus, entre outros.	CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
			FIB6.11.3. Coñece a visión filosófica da música a través da análise de textos filosóficos sobre as visións dos pitagóricos, de Platón, Schopenhauer, Nietzsche ou Adorno, entre outros, así como mediante audicións significativas.	CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
d g h n	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B6.12. Reflexionar por escrito sobre algunhas das temáticas significativas estudadas, argumentando as propias posicións, e ampliar en internet a información aprendida.	FIB6.12.1. Diserta de xeito claro e coherente sobre o valor das artes para transmitir ideas filosóficas, e procura e selecciona información en internet que amplíe o xa aprendido.	CD CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

Filosofía. 1º de bacharelato terceiro trimestre						
Bloque 1. Contidos transversais						

Filosofía. 1º de bacharelato terceiro trimestre						
b d e h m	B1.1. Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber relacionados coas temáticas filosóficas estudadas.	B1.1. Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as.	FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores/as destacados/as, identifica a problemática e as solucións expostas (distinguindo as teses principais e a orde da argumentación) e relaciona os problemas propostos nos textos co estudado na unidade, e/ou co achegado por outros/as filósofos/as ou correntes, e/ou con saberes distintos da filosofía.	CAA	100%	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
b d e	B1.2. Composición escrita de argumentos de reflexión filosófica e de discursos orais, manexando as regras básicas da retórica e a argumentación.	B1.2. Argumentar e razoer os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia.	FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade e coherencia, e demostrando un esforzo creativo e educativo na valoración persoal dos problemas filosóficos analizados.	CCL CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Produción dos Alumnos Comentario de texto Instrumentos: Rúbrica Exames
b d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía, en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	B1.3. Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes.	FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as posibilidades das novas tecnoloxías para consolidar e ampliar a información.	CD CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
			FIB1.3.2. Elabora listas de vocabulario de conceptos e comprende o seu significado, aplícaos con rigor e organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía.	CAA	100%	Procedementos: Cuestión temática Comentario de texto Listas de definicións Instrumentos: Exame
d e g	B1.3. Uso dos procedementos de traballo intelectual (incluíndo os das tecnoloxías da información e da comunicación) adecuados á filosofía,	B1.4. Analizar e argumentar sobre formulacións filosóficas, elaborando de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos.	FIB1.4.1. Elabora con rigor esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas, etc., amosando a comprensión dos eixes conceptuais estudados.	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Exame	Procedementos: Produción dos Alumnos Cuestión temática Instrumentos: Rúbrica Exame

Filosofía. 1º de bacharelato terceiro trimestre						
	en especial a asimilación e o uso rigoroso do léxico relacionado cos temas filosóficos estudados.	dementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais.				
b d e	B6.27. Retórica, argumentación e lóxica: a comunicación desde a filosofía. B6.28. Importancia da comunicación e a súa relación coa linguaxe, a verdade e a realidade.	B6.13. Entender a importancia da comunicación para o desenvolvemento do ser humano e as sociedades.	FIB6.13.1. Coñece e manexa con rigor conceptos como símbolo, comunicación, linguaxe formal, lóxica, xuízo lóxico, razoamento, demostración, discurso, elocuencia, orador, retórica, exordio, inventio, dispositio, argumentación, elocutio, compositio, actio, falacia, debate, negociación, persuasión e concepto universal, entre outros.	CCL	50% Cuestionarios 50% Exame	Procedementos: Cuestionarios Comentario de texto Cuestión temática Instrumentos: Aula virtual Exame
b d e	B6.29. Lóxica proposicional.	B6.14. Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental para as relacións humanas.	FIB6.14.1. Utiliza os elementos e as regras do razoamento da lóxica de enunciados.	CAA	50% Exame	Procedementos: Resolución de Problemas Instrumentos: Exame
b d e	B6.30. Retórica e composición do discurso.	B6.15. Coñecer as dimensións que forman parte da composición do discurso retórico, e aplicarlas na composición de discursos.	FIB6.15.1. Comprende e explica a estrutura e o estilo da retórica e da argumentación.	CCL	50% Cuestionarios 50% Exame	Procedementos: Cuestionarios Cuestión temática Instrumentos: Aula virtual Exame
			FIB6.15.2. Coñece a estrutura e a orde do discurso, e escribe breves discursos retóricos establecendo coherentemente a exposición e a argumentación.	CCL	50% Cuestionarios 50% Exame	Procedementos: Cuestionarios Cuestión temática Resolución exercicio Instrumentos: Aula virtual Exame
b d e	B6.31. Argumentación: regras e ferramentas do diálogo e a demostración de argumentos. B6.32. Filosofía da linguaxe: o problema filosófico dos conceptos universais e o erro argumentativo da	B6.16. Coñecer e utilizar as regras e as ferramentas básicas do discurso baseado na argumentación demostrativa.	FIB6.16.1. Constrúe un diálogo argumentativo no que demostra as súas propias teses mediante as regras e as ferramentas da argumentación.	CSIEE CSC	50% Cuestionarios 50% Exame	Procedementos: Cuestionarios Cuestión temática Instrumentos: Aula virtual Exame

Filosofía. 1º de bacharelato terceiro trimestre						
	xeneralización apresurada.					
			FIB6.16.2. Distingue un argumento veraz dunha falacia.	CAA	50% Cuestionarios 50% Exame	Procedementos: Cuestionarios Resolución de problemas Instrumentos: Aula virtual Exame
			FIB6.16.3. Analiza e comenta textos breves e significativos sobre a arte da retórica e a argumentación de Platón, Aristóteles, Cicerón, Quintiliano, Tácito e autores/as contemporáneos/as.	CCEC	50% Exame	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
b d e m p	B6.33. A filosofía e a empresa como proxecto racional.	B6.17. Coñecer as posibilidades da filosofía na creación dun proxecto, en xeral, e no ámbito empresarial en particular, e valorar o seu papel potenciador da análise, a reflexión e o diálogo.	FIB6.17.1. Utiliza conceptos con sentido filosófico e aplícaos ao contexto empresarial: principios, saber, orde lóxica, finalidade, demostración, razoamento, indución, dedución, argumentación, sentido, significado, creatividade, diálogo, obxectivo/subxectivo, emocións, globalidade e valor, entre outros.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual
b e m p	B6.34. O modo metafísico de preguntar para deseñar un proxecto vital e de empresa. B6.35. Os procesos de cuestionamento e a importancia da definición de obxectivos.	B6.18. Comprender a importancia do modo de "preguntar radical" da metafísica para proxectar unha idea ou un proxecto vital ou empresarial, facilitando os procesos de cuestionamento e definición das preguntas radicais e as respostas a estas.	FIB6.18.1. Formula correctamente os interrogantes filosóficos radicais que deben estar na base da creación dun proxecto, tanto vital como laboral, como "que son?", "que fago?", "por que?", "para que?", "cal é o meu obxectivo?", "cal é o seu sentido, a súa razón de ser?", etc., e saber argumentar a defensa das respostas.	CSIEE CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual
b m p	B6.36. Proceso de análise racional do conxunto dun sistema, dos elementos que o integran e da orde racional que subxace á estrutura lóxica dun proxecto, vital e empresarial.	B6.19. Comprender o valor da teoría do coñecemento, a razón crítica e a lóxica para introducir racionalidade na orixe e no desenvolvemento dun proxecto.	FIB6.19.1. Deseña un proxecto vital ou empresarial, sobre a base da filosofía, valorando a íntima relación entre os pensamentos e as accións, entre a razón e as emocións, a través do diálogo, da argumentación e a linguaxe filosófica.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual

Filosofía. 1º de bacharelato terceiro trimestre						
b e m	B6.37. Importancia do diálogo e da defensa argumentativa de proxectos, fins e medios.	B6.20. Valorar as técnicas do diálogo filosófico, a argumentación e a retórica para organizar a comunicación entre as partes e a resolución de negociacións e de conflitos, para xerar diálogo baseado na capacidade de argumentar correctamente, para definir e comunicar correctamente o obxectivo dun proxecto.	FIB6.20.1. Coñece e utiliza as ferramentas da argumentación e o diálogo na resolución de dilemas e conflitos dentro dun grupo humano.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual
a m n	B6.38. Deseño dun proxecto vital e laboral. Papel da Estética no desenvolvemento do pensamento creativo e innovador.	B6.21. Valorar a capacidade da estética filosófica para favorecer o pensamento creativo e innovador que permite adaptarse e anticiparse aos cambios, xerando innovación e evitando o estancamento, valorando así a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.	FIB6.21.1. Valora a posibilidade de crear tarefas innovadoras, valorando a función e a importancia das persoas emprendedoras e innovadoras para a construción e o avance dunha cultura, e a transformación da realidade.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual
a b c m p	B6.39. Importancia da ética para establecer o sistema de valores no traballo.	B6.22. Comprender e apreciar a función axiolóxica da ética para establecer un sistema de valores que permita mellorar o clima laboral, comprendendo que os valores éticos son clave para lograr o equilibrio entre innovación, sustentabilidade e competitividade.	FIB6.22.1. Realiza un decálogo de valores éticos que deben rexer no mundo laboral e de cara á sociedade e á natureza.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual
			FIB6.22.2. Valora e diserta sobre a importancia do traballo para desenvolvernos como seres humanos, para o avance dunha cultura e para transformar a realidade.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos Cuestionarios Producción dos alumnos Instrumento: Aula virtual

6.5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Por outra banda, para que os estudantes alcancen unha actitude crítica e reflexiva, débeseles dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade practica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais...) . O obxectivo fundamental será o de estimular aos alumnos a pensar de modo autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriban. Parece, en efecto,

que a mellor demostración de que un alumno sabe aquilo que debe saber é a súa capacidade para manexar argumentalmente a información na análise dun problema concreto.

As ferramentas básicas serán as seguintes:

- **A aula virtual:** realizada na plataforma Moodle do Centro, permitirá un entorno seguro e accesible á documentación do curso e aos vídeos didácticos e titorías para as unidades didácticas abordadas <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/aulavirtual/course/view.php?id=154>
- **A aula ordinaria:** seguirá unha metodoloxía maiéutica:
 - Explicación por parte do profesor dos contidos de cada bloque.
 - Para cada unha das unidades didácticas propostas realizarase na aula un cuestionario de opción múltiple, que se realizará despois de que todas as dúbidas teñan sido aclaradas.
 - En cada unha das avaliacións se dedicará a actividade principal ao manexo dunha das ferramentas básicas do quefacer filosófico: comentario de texto, composición, análise de dilemas morais ou argumentación lóxica.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirir sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas sometidas a elaboración, análise ou debate.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

6.6. Materiais e recursos didácticos que se van a utilizar

Os materiais e recursos didácticos estarán a disposición do alumnado na Aula Virtual do curso e serán fundamentalmente:

- **Apuntes** en formato *pdf*, para descargar na aula virtual ou en papel para aquel alumnado que así o requira ou para suplir as deficiencias que o alumnado poda ter de acceso á rede no seu domicilio.
- **Aula virtual** da materia para a presentación de tarefas e realización de cuestionarios.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/aulavirtual/course/view.php?id=154>

- **Vídeos e titoriais** de apoio para a realización de tarefas.

Non é necesario o uso dun libro de texto, pero o profesor poderá recomendar algún no caso de que o alumnado así o requira.

6.7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Estes, criterios que aparecen aquí reflectidos, serán os criterios a seguir en caso de manter durante o curso 2020-21 unha educación presencial, pero dada a situación actual provocada polo COVID 19 temos que contemplar outros escenarios posibles. No caso dun confinamento, a avaliación do alumnado tería en conta os traballos realizados e entregados a través da aula virtual do centro. Esta programación didáctica está baseada en estándares de aprendizaxe mínimos, polo que en caso de confinamento ou semipresencialidade, adaptaránse os contidos (que xa son contidos mínimos), reducíndoos o máximo posible de tal xeito que permitan superar os estándares de aprendizaxe.

a) Criterios de avaliación

Os criterios que se establecen a continuación están orientados a comprobar o grao de consecución, por parte do alumnado, dos contidos e estándares de aprendizaxe prescritos no currículo. Estes criterios concretanse metodoloxicamente no desenvolvemento de oito tipos de acción diferentes que se repiten a través de todo o currículo e que aquí recolleemos de forma global, facendo explícito os criterios de avaliación pormenorizados que describe o currículo. Así, en cada avaliación se avaliará tendo en conta estes oito criterios, aínda que se deberá ter en conta que, tanto o proceso de aprendizaxe como as accións nas que este se pon de manifesto, son sempre complexas; de aí que cada criterio deba ser tomado como un complemento dos outros, como unha perspectiva desde a que completar todo o proceso de avaliación da aprendizaxe.

- Ler comprensivamente e analizar de forma crítica textos significativos e breves, pertencentes a pensadores/as destacados/as. (B1.1./ B.2.5./ B.3.3/B3.6./B4.5./ B6.11./).
- Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas estudadas na unidade, de forma oral e escrita, con claridade e coherencia. (B1.4./B1.2./ B.3.2/B5.3./B5.7./B6.6./ B6.12./ B6.16./).
- Seleccionar e sistematizar información obtida de distintas fontes. (B1.3./ B1.4./B1.2./ B.3.2/B5.3./B5.7./B6.6./ B6.12./ B6.16./).
- Elaborar de xeito colaborativo esquemas, mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles, mediante o uso de medios e plataformas dixitais. (B1.4./B4.4/ B6.20./ B6.21./ B6.22./ B6.23./).
- Coñecemento e comprensión dos problemas e teorías analizadas (B2.1./ B2.2./B.3.1./B3.7/B4.1/B4.1/B4.3/B5.1./B5.2/B5.5./B5.6./B5.8./B6.1./B6.2./B6.3./B6.4./B6.5./ B6.8./ B6.9./ B6.13./ B6.14./ B6.15./).
- Incorporación significativa do vocabulario técnico introducido e comprobar o nivel de precisión, exactitude e rigor no seu uso tanto oral como escrito. (B2.4./B3.4/ B6.7./).
- Aplicar os coñecementos ao do contorno vital así tomar conciencia acerca da utilidade dos saberes académicos. (B3.5./B5.4/ B6.10./ B6.17./ B6.18./ B6.19./ B6.20./ B6.21./ B6.22./ B6.23./).
- Corroborar o grao de adquisición dunha perspectiva histórica que permita situar as ideas e acontecementos nun esquema xeral no que se integre a historia do pensamento en Occidente. (B2.3./ (B2.1./ B2.2./ B.3.1./ B3.7/B4.1/ B4.1/ B4.3/B5.1./ B5.2/B5.5./ B5.6./ B5.8./ B6.1./B6.2./B6.3./B6.4./B6.5./ B6.8./ B6.9./ B6.13./ B6.14./ B6.15./).

b) Criterios de cualificación

A proposta de valoración numérica dos resultados da avaliación establecerase segundo as pautas seguintes:

- A valoración dos cuestionarios propostos na aula suporá o 20 % da cualificación global. Realizarase un cuestionario por unidade didáctica.

- A corrección das probas escritas sobre os contidos con arranxo aos estándares de aprendizaxe e o instrumento de avaliación correspondente, suporán o 70 % da cualificación global. Como mínimo realizarase unha proba ou exame trimestral. Para cada avaliación fixarase un tipo de proba baseado nunha ferramenta básica da actividade filosófica (composición, comentario ou argumentación).
- As tarefas de aplicación de coñecementos con arranxo aos estándares de aprendizaxe marcados, que se realicen de forma opcional (lecturas, ensaios, proxectos de investigación, análise de documentos audiovisuais, creación audiovisual, exposicións, etc.) poderá sumar ata un 10% na cualificación (ata 1 punto). Poderá realizarse un máximo de unha por trimestre.

Procedemento	Mínimo	Ponderación	Instrumentos:
Cuestionario pechado: 3 por avaliación	50%	20%	Cuestionario MOODLE
Exame	50 %	65%	EXAME
Traballos propostos	Nivel C na rúbrica de avaliación	15%	RÚBRICA

Tanto a corrección dos cuestionarios como a entrega de traballos terá lugar a través da Aula Virtual ou da plataforma *Aqueiro*.

A suma das cualificacións dos traballos para a obtención da cualificación en cada avaliación establecerase a partir das cualificación dos diferentes procedementos sen redondeo.

Para alcanzar o nivel de suficiencia (5 puntos) nunha avaliación cómpre acadar polo menos o nivel de suficiencia (metade da puntuación sen redondeo) no exame de contidos mínimos esixibles. De non obterse o nivel de suficiencia neste apartado a cualificación máxima que se poderá obter será de 4 puntos.

Cando se produza unha avaliación negativa as actividades de recuperación consistirán en:

- Revisión dos contidos mínimos, realizada en clase, no caso de que non se teña acadado a cualificación suficiente nos exames, e na realización dun novo exame que permita demostrar que se ten acadado o nivel prescrito.

A falta de asistencia aos exames non é recuperable, salvo en caso de xustificación documental médica (en caso de enfermidade) ou de institución oficial (no caso de non asistencia por causas non médicas). A recuperación dos exames aos que se faltou por causa xustificada farase antes da avaliación, de ser posible, ou posteriormente e farase contar a avaliación no caderno do profesor.

Non se contempla a recuperación dos traballos de aplicación ou de aula fora de prazo posto que estes poderán entregarse a través da aula ou do blog do alumno, mesmo fora do período escolar.

Instrumentos de Avaliación

1. Cuestionarios pechados de “escolla múltiple” realizados na aula (un por cada unidade didáctica).
 - a) $\text{Nota} = \text{acertos} - (\text{erros}/3) * (10/\text{preguntas})$.
2. Exames escritos relativos aos contidos de cada avaliación, que combinará as diferentes ferramenta de traballo usadas en cada avaliación (comentario de texto, disertación, valoración de dilemas morais ou argumentación lóxica e retórica).
 - a) Exemplo:
 - **Comentario de texto. 3 puntos repartidos como segue**
 - Resume e análise teórico (ate 1 punto).
 - Argumentación e análise crítico (ate 1 punto).

- Definición e uso de termos relevantes (ate 1 punto).
 - **Cuestión teórica ou problema a desenvolver 3 puntos repartidos como segue:**
 - Coñecementos (temáticos ou metodolóxicos (ate 1 punto).
 - Procedementos lóxicos e/ou argumentación (ate 1 punto).
 - **Organización da información (ate 1 punto).**
 - **Definición de conceptos máx 2 puntos.**
3. Traballos de aplicación propostos na aula, (sínteses informativas, mapas conceptuais, comentarios, cuestionarios etc., de entrega obrigatoria, elaboración de esquemas, seguindo as indicacións precisas que se dean na aula e/ou participación en actividades escolares ou extraescolares do Departamento, lecturas de interese persoal, ou outras tarefas que complementen ou contribúan á consecución dos obxectivos sinalados para esta materia ou apliquen os contidos desta materia a outras áreas ou proxectos do Centro, especialmente aqueles proxectos didácticos recollidos no proxecto educativo do Centro.
4. Participación na V Olimpíada Filosófica de Galicia nalgunha das súas modalidades:
- a) Dilema moral.
 - b) Disertación.
 - c) Fotografía.
 - d) Curta de vídeo.

RÚBRICA PARA TRABALLOS VOLUNTARIOS.				
CRITERIO	A	B	C	D
Contidos	Non se trata o tema mais que superficialmente Non se abordan contidos específicos Non se tiran conclusións Non hai metodoloxía	O tema trátase de forma non significativa Os contidos abordados son pobres Non se tiran conclusións A metodoloxía é insuficiente.	A abordaxe do tema é limitada Abordáanse a maioría dos contidos As limitacións son estudadas parcialmente O método se usa parcialmente Non se extraen conclusións	Está tratado o tema en profundidade Abordáanse todos os contidos delimitados Explicanse as limitacións Usa unha metodoloxía específica Estraense conclusións
Redacción e organización	O aspecto do traballo é descoidado Uso moi deficiente da linguaxe Organización nula das ideas Non se cumpren os apartados	O aspecto do traballo é descoidado Uso deficiente da linguaxe Organización mínima das ideas Non se cumpren todos os apartados	Aspecto coidado A linguaxe é estereotipada A organización de ideas é básica sen contribución persoal Cumprense os apartados propostos	Aspecto coidado e elegante Bo uso da linguaxe Boa organización de ideas Ben a distribución en apartados
Manexo da información	Non se usan fontes de información Non se cita correctamente Non hai bibliografía Non se distingue entre información allea e persoal	Usáanse fontes de información non válidas Non se usa sistema citas Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Non se distingue entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas pero moi básicas Usase un sistema citas non formal Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Distinguese entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas e suficientes Cítanse adecuadamente Inclúese bibliografía de forma correcta Distinguese entre información e creación persoal.

Autonomía	Non hai ningún aspecto do traballo que sexa persoal	Só é persoal a atribución de exemplos e a conclusión de forma mínima	Establece conclusións persoais pero non é quen de analizar o tema desde unha perspectiva propia	Proposta orixinal de análise do tema. Conclusións persoais Autocrítica da propia perspectiva.
------------------	-----------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------

c) Criterios de promoción

Para superar a materia deberá obterse cando menos a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións, calculada a partir das cualificacións SEN REDONDEO obtidas en cada avaliación ou nos exames de recuperación correspondentes.

d) Avaliacións extraordinarias

O alumnado que non supere o curso na avaliación ordinaria do curso, enfrontará en setembro un exame final de todos os estándares de aprendizaxe do curso.

A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno/a deberá conseguir cando menos 5 para superar a materia. O exame terá a forma seguinte:

MODELO DE PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

- **Comentario de texto. 3 puntos repartidos como segue**
 - Resume e análise teórico (ate 1 punto).
 - Argumentación e análise crítico (ate 1 punto).
 - Definición e uso de termos relevantes (ate 1 punto).

Exemplo

“Toda palabra convertese de forma inmediata nun concepto en tanto que xustamente non debe servir para a experiencia singular e completamente individualizada á que debe a súa orixe, por exemplo como recordo, senón que debe encaixar ao mesmo tempo con innumerables experiencias, por así dicir, mais ou menos similares, xamais idénticas estritamente falando; en suma, con casos puramente diferentes. Todo concepto formase por equiparación de casos non iguais iguais. Do mesmo xeito que é certo que unha folla non é igual a outra, tamén é certo que o concepto folla formouse ao abandonar de forma arbitraria esas diferenzas individuais, ao esquecer as notas distintivas, co que se suscita entón a representación, como se na natureza existise algo separado das follas que fora a “folla”, unha especie de arquetipo primixenio a partires do cal todas as follas terían sido tecidas, deseñadas, calibradas, pintadas, pero por mans tan torpes, que ningún exemplar resultase ser correcto e fidedigno como copia fiel do arquetipo.” Nietzsche, F: *Verdade e Mentira en Sentido Extramoral*. Edit. Circulo de lectores

- **Cuestión teórica ou problema a desenvolver 3 puntos repartidos como segue:**
 - Coñecementos (temáticos ou metodolóxicos (ate 1 punto).
 - Procedementos lóxicos e/ou argumentación (ate 1 punto).
 - Organización da información (ate 1 punto).

Exemplo:

- Formaliza e resolve con axuda das regras básicas o seguinte argumento:
 - “Se o número n é positivo entón n ao cadrado é positivo. Se n é negativo, entón n ao cadrado é positivo. N é positivo ou negativo. Polo tanto, n ao cadrado é positivo”.

- **Definición de conceptos máx 2 puntos**
 - Concepto 1 (0,5 puntos). **Exemplo:** Percepción.
 - Concepto 2 (0,5 puntos). **Exemplo:** Razón.
 - Concepto 3 (0,5 puntos). **Exemplo:** Teoría.
 - Concepto 4 (0,5 puntos). **Exemplo:** Cosmovisión.

6.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Coa finalidade de constatar a mellora na aprendizaxe do alumnado realizárase unha avaliación inicial no mes de setembro que recolla o grao de consecución das competencias básicas e a capacidade de recepción de contidos filosóficos por parte do alumnado (lectura de textos complexos, capacidade argumentativa, nivel moral, capacidade de reflexión).

Na memoria final indicárase o grao de mellora nas diferentes competencias en cada grupo académico e de non constatare a mellora indicáranse as posibles causas dilo.

Realízase unha valoración dos tempos dedicados a cada unidade didáctica e os obxectivos acadados nela, así como os problemas atopados no seu desenvolvemento.

Finalmente realizárase unha avaliación por parte do alumnado sobre o desenvolvemento da materia, grao de dificultade, problemas acadados, avaliación do material, etc, que se incorporará á memoria final do Departamento.

6.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado ca materia pendente realizará unha proba seguindo o modelo extraordinario de setembro.

6.10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para superar a materia

Esta materia non é unha materia de continuidade polo que non precisa deste tipo de proba.

6.11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se proporá a lectura dun texto con conceptos filosóficos básicos e se pedirá a resposta a unha serie de cuestións que tentarán valorar a súa capacidade de análise e síntese e captación da información.

Sobre a lectura de ese texto se pedirá ao alumno que:

- Seleccione e subliñe a tese principal e as subsidiarias.
- Exprese en un texto mínimo o sentido que tenta transmitir o texto.
- Defina os conceptos máis relevantes.
- Elabore un esquema coa relación entre os conceptos fundamentais do texto.
- Explique a súa posición respecto ao problema de forma que permita valorar a súa capacidade argumental.
- Propoña un exemplo extraído da literatura, o cine, a arte, a política que explique e poña de manifesto a relación entre o problema filosófico e a cultura actual.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares de aprendizaxe do bloque 1 do currículo Contidos transversais de acordo á seguinte rúbrica:

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE TRANSVERSAIS	nulo	básico	bo	avanzado
Lectura comprensiva de textos				
Análise crítico e identificación de teses filosóficas				
Elabora e comprende o vocabulario básico				
Elaboración de esquemas y mapas conceptuais				
Creación autónoma e propia				
Organización ordenada do texto escrito				
Uso dos recursos retóricos e lóxicos				
Comprensión de problemas filosóficos				

En función dos resultados desta proba adaptaranse as actividades propostas nas unidades didácticas e as tarefas finais propostas para cada avaliación.

6.12. Medidas de atención á diversidade

Proporanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, cómics, videopresentacións, textos...).

A través da aula virtual da materia garantirase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases.

6.13. Concreción dos elementos transversais

Os elementos transversais do currículo da materia de Filosofía serán os establecidos no currículo oficial da materia e expostos no Bloque 1: Contidos transversais. Son os seguintes:

- FIB1.1.1. Analiza de xeito crítico textos pertencentes a pensadores destacados, identifica a problemáticas fundamentais da Filosofía e as solucións expostas.
- FIB1.2.1. Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita con claridade e coherencia.
- FIB1.3.1. Selecciona e sistematiza a información usando diferentes elementos (textos, vídeos, webs..).
- FIB1.3.2. Construción de listas de vocabulario básico para a filosofía e elaboración de mapas e esquemas.
- FIB1.4.1. Elaboración de táboas cronolóxicas que aseguren unha correcta comprensión da liña histórica do pensamento occidental.

6.14. Actividades complementarias e extraescolares

Neste curso o Departamento de Filosofía realizará as seguintes actividades:

- Concorrenza á VI Olimpíada filosófica de Galicia.
- As propostas no Pan anual do Centro.

6.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.

- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizárase unha comprobación dos indicadores seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
13. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
15. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

6.16. Plan lector

Na materia *Filosofía I* suxeríranse, como lecturas voluntarias, as seguintes. O alumnado deberá escoller unha obra de lectura entre as seguintes:

- Asimov, Isaac. *Yo robot*. Los Jet de Plaza & Janés.
- Baroja, Pío, (2004). *El árbol de la ciencia*. Catedra.
- Atwood, Margaret; *El cuento de la criada*. Salamandra.
- Borrell, Joaquín. *La lágrima de Atenea*. Plaza & Janés.
- Bradbury, Ray. *Fahrenheit 451*. Minotauro.
- Albert Camus, (2004). *El extranjero*. Alianza Editorial.
- Delibes, Miguel. *Un mundo que agoniza*. Plaza & Janés.
- Fromm, Erich. *El arte de amar*. Paidós.
- Fromm, Erich. *El miedo a la libertad*. Paidós.
- Hesse, Herman. *Demian*. Alianza Editorial
- Huxley, Aldous. *La isla*. Pocket Edhasa.
- Huxley, Aldous. *Un mundo feliz*. Plaza & Janés
- Muriel Barbery. *La elegancia del erizo*. Seix Barral
- Noah Harari, Yuval, (2015). *Sapiens (De animales a dioses)*. Madrid. Debate
- Orwell, George. *1984*. Destino
- Platón. *Apoloxía de Sócrates*. Alianza Editorial.
- Renault, Mary. *La máscara de Apolo*, Editorial Edhasa.

- Schrobsdorff Angelika; (2016) *Tú no eres como otras madres*. Errata naturae.
- Todorov, Tzvetan. *El miedo a los bárbaros*. Círculo de lectores.
- VV.AA. *La historia más bella del mundo*. Anagrama
- Waltari, Mika. *Sinuhé el egipcio*. Plaza & Janés.
- Yourcenar, Marguerite. *Opus Nigrum*. Alfaguara.

6.17.Plan TIC

- Uso e manexo da información en contextos dixitais.
- Creación de materiais dixitais como resultado das tarefas propostas ao longo do curso.
- Participación en blogs e plataformas dixitais para crear un PLE.
- Aprendizaxe e uso das aulas dixitais en contorno MOODLE.

7. Historia da filosofía

7.1.Introdución e contextualización

A materia de Historia da Filosofía está regulada no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta materia retoma a reflexión iniciada polo alumnado coa filosofía de primeiro de Bacharelato, dotándoa dun carácter sistemático e diacrónico. A estreita relación entre estas materias do bacharelato debe manifestarse, tanto na organización docente dos contidos como na actividade reflexiva desenvolvida por cada estudante, que deberá retomar os conceptos e procedementos iniciados no curso anterior e afondar neles. O que a historia da filosofía lle achega ao alumnado é unha construción diacrónica dos principais momentos e autores do pensamento filosófico que servirá, por unha banda, como exemplo de solución a problemas filosóficos e, pola outra, como condicionantes pasados de conceptos e problemas vixentes no día de hoxe.

Hai certos problemas constantes ao longo da historia da filosofía, como a relación entre realidade e aparencia, coñecemento e opinión, o individuo e a sociedade, o problema da liberdade e autorrealización humana, a orixe dos valores morais, a lexitimidade do poder político ou o dominio técnico da natureza.

Os contidos da historia da filosofía están secuenciados en catro grandes etapas históricas: antiga, medieval e renacentista, moderna e contemporánea. En cada unha delas serán abordados unha serie de autores e correntes especialmente significativas, seleccionando os temas máis importantes na súa obra de cara a ter unha visión completa da historia da filosofía.

A temporalización por períodos obedece á necesidade de contextualizar a cada autor e cada tema nun momento histórico determinado, cuns condicionantes sociais, económicos, políticos e culturais que lle dan sentido e serven de medida da súa relevancia. O coñecemento da filosofía vai, pois, da man do coñecemento da sociedade e da historia. As ideas filosoficamente relevantes non son opinións casuais, senón que aparecen para formular claramente e dar algún tipo de solución aos problemas teóricos e prácticos que se lles presentaron a seres humanos concretos.

Esta contextualización por períodos non vai en detrimento da unidade que percorre toda a historia da filosofía, pois ao tempo que cada autor é interlocutor do seu contexto, realiza tamén un diálogo con outros autores pasados e futuros que se enfrontaron a problemas similares e en relación cos cales manifesta a súa débeda ou a súa crítica. A obra escrita dos distintos filósofos cobra unha importancia fundamental, pois é a fonte para coñecer o seu pensamento e tamén para trazar a liña que relacione uns autores con outros. O traballo con textos cobra, polo tanto, unha grande importancia nesta materia como ferramenta de traballo prioritaria. Así mesmo e en consonancia co establecido no desenvolvemento curricular da materia, xunto co comentario de texto, a argumentación e o debate de ideas e a investigación filosófica terán unha importancia fundamental nas tarefas do alumnado.

A materia preséntase en cinco bloques. O primeiro é de contidos comúns e transversais. Os catro bloques seguintes corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

7.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de Historia da Filosofía incide fundamentalmente nas competencias clave fomentando

- a) A competencia en comunicación lingüística (CLL), a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.
- b) As competencias sociais e cívicas (CSC) vense fomentadas polo coñecemento histórico dos problemas actuais e as respostas posibles a eles. Tamén co debate na aula e a argumentación coherente sobre os diferentes problemas.
- c) A materia fomenta a competencia de aprender a aprender (CAA) através da proposta de tarefas de reflexión e investigación.
- d) A competencia dixital (CD) desenvólvese ensinando as claves para a busca de información relevante así como a súa presentación en formatos dixitais e a intervención en Redes Sociais.
- e) A competencia de conciencia e expresións culturais (CSIEE) a través do diálogo entre épocas históricas e as diferentes expresións culturais e as súas relacións históricas, dotarán ao alumnado dunha visión ampla e panorámica da cultura Occidental.

7.3. Concreción dos obxectivos por curso

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable. A materia tentará dotar ao alumnado dun coñecemento dos períodos históricos do pensamento e os seus autores fundamentais, buscando a comprensión das relacións socioeconómicas, políticas científicas e artísticas en cada un dos períodos históricos.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Par iso fomentará o desenvolvemento do hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes propiciando debates sobre temas de actualidade e illando os prexuízos infundados.
- d) Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. Esta materia incidirá na elaboración de exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

7.4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato PRIMER TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación (%)*
Bloque 1. Contidos transversais						
b d e h	B1.1. Comentario de texto. B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas.	CCL	100% Exame	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
			HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas.	CAA CCL	100% Exame	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
			HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados.	CAA CCL	100% Exame	Procedementos: Comentario de texto Instrumentos: Exame
a b c d e	B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.	B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes.	HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito.	CCL CSIEE	Nível C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Exame	Procedementos: Produción dos Alumnos Comentario de Texto Instrumentos: Rúbrica Exame
			HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns.	CSC	Nível C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

Historia da Filosofía. 2º de bacharelato PRIMER TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación (%)*
b d e g m	B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.	B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os Procedementos: do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos.	HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política.	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
			HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízalos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros Procedementos: útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor.	CAA CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Exame	Procedementos: Produción dos Alumnos Comentario de texto Instrumentos: Rúbrica
- a) Nomear o título de dúas obras dun autor do bloque. A resposta correcta conterá o título completo.

Cualificación máxima.- 0,5 pt.

Nos apartados 1 (a e b) e 2 valorarase tamén a corrección expresiva e gramatical.

EXEMPLO DE EXAME

1. Comenta o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolve a cuestión que o segue. (Cualificación máxima: 6 pts.: 3 para o comentario e 3 para a cuestión).

TEXTO

«Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa xeración e a destrución e con todo cambio natural, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións.

Nun sentido (a) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros. Noutro sentido (b) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da oitava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición. E tamén (c) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai e causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado. E aínda máis (d), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son accións e outros instrumentos.»

ARISTÓTELES, *Física* II-3 194b16-195a3. Tradución de Teresa Amado Rodríguez (USC)

- a) Comenta o texto proposto.
- b) Responde a seguinte cuestión: Física e metafísica en Aristóteles
2. A orixe do cosmos na corrente presocrática. (Cualificación máxima: 3 pts.).
3. Responde as 2 breves cuestións seguintes. (Cualificación máxima: 1 pto.):
- a) Indica a que filósofo corresponden os seguintes conceptos:
- Pensamento discursivo
 - Alma vexetativa
- b) Nomea dúas obras de Platón.

Rúbrica para os traballos voluntarios

RUBRICA PARA TRABALLOS VOLUNTARIOS.				
CRITERIO	A	B	C	D
Contidos	Non se trata o tema mais que superficialmente Non se abordan contidos específicos Non se tiran conclusións Non hai metodoloxía	O tema trátase de forma non significativa Os contidos abordados son pobres Non se tiran conclusións A metodoloxía é insuficiente.	A abordaxe do tema é limitada Abordáanse a maioría dos contidos As limitacións son estudadas parcialmente O método se usa parcialmente Non se extraen conclusións	Está tratado o tema en profundidade Abordáanse todos os contidos delimitados Explícanse as limitacións Usa unha metodoloxía específica Estraense conclusións
Redacción e organización	O aspecto do traballo é descoidado Uso moi deficiente da linguaxe Organización nula das ideas	O aspecto do traballo é descoidado Uso deficiente da linguaxe Organización mínima das ideas	Aspecto coidado A linguaxe é estereotipada A organización de ideas é básica sen contribución persoal	Aspecto coidado e elegante Bo uso da linguaxe Boa organización de ideas

	Non se cumpren os apartados	Non se cumpren todos os apartados	Cumprense os apartados propostos	Ben a distribución en apartados
Manexo da información	Non se usan fontes de información Non se cita correctamente Non hai bibliografía Non se distingue entre información allea e persoal	Usáanse fontes de información non válidas Non se usa sistema citas Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Non se distínguese entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas pero moi básicas Usase un sistema citas non formal Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Distínguese entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas e suficientes Cítanse adecuadamente Inclúese bibliografía de forma correcta Distínguese entre información e creación persoal.
Autonomía	Non hai ningún aspecto do traballo que sexa persoal	Só é persoal a atribución de exemplos e a conclusión de forma mínima	Establece conclusións persoais pero non é quen de analizar o tema desde unha perspectiva propia	Proposta orixinal de análise do tema. Conclusións persoais Autocrítica da propia perspectiva.

c) Criterios de promoción

Para superar a materia deberá obterse cando menos a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións, calculada a partir das cualificacións SEN REDONDEO obtidas en cada avaliación ou nos exames de recuperación correspondentes.

d) Avaliacións extraordinarias

O alumnado que non supere o curso na avaliación ordinaria do curso, enfrontará en setembro un exame final de **TODOS OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CURSO**.

A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno/a deberá conseguir cando menos 5 para superar a materia.

O modelo de exame e os criterios de cualificación serán os mesmos que aparecen no apartado de Criterios de cualificación.

7.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

a) Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia				
9. A avaliación foi obxectiva				
10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada				

b) Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				

2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
17. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

7.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materias de Historia da Filosofía pendente no curso anterior terá a mesma atención que o resto do alumnado do curso, pero poderá optar por conservar a cualificación obtida durante o curso anterior nos:

- Traballos que teña superados no curso anterior.
- Cuestionarios realizados na aula virtual.

O Exame para este alumnado seguirá o modelo do curso 2015-16: realización dunha composición, dos autores impartidos en cada avaliación. A este efecto conservaranse os textos e cuestións propostas no curso anterior e que poden seguirse na aula Virtual da materia.

Exemplo:

Modelo de exame

Lea atentamente o seguinte e texto de ARISTÓTELES e a partir del responda ás cuestións que se formulan.

- Teña en conta que se trata de cuestións relacionadas entre si. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.
- Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as calidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.

TEXTO

Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de costume. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se dá en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai para abaixo, non se afaría a ir para arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces para arriba, nin o lume se afaría a ir para abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume. Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes. Pois o que hai que facer despois de aprendelo, aprendémolo facéndoo. Por exemplo, facémonos

construtores construíndo e citaristas tocando a cítara. Así, tamén, practicando a xustiza facémonos xustos, moderados practicando a moderación e fortes practicando a fortaleza. Proba disto é o que sucede nas cidades. Os lexisladores fan bos ós cidadáns ensinándolles certos costumes, e esa é a vontade de todo lexislador; os que non o fan ben equivócanse e niso se distingue un bo réxime dun mal réxime. ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, libro II, 1103a14

CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSTA A COMPOSICIÓ

I. Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 2,5 puntos)

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: O tránsito cara á época helenística.

II. Cuestión de comprensión: (avaliación:de 0 a 6 puntos)

- Lea atentamente o texto e a partir del responda á seguinte cuestión temática: A ética aristotélica: ethos e praxe, o concepto de areté.

III. Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 1,5 puntos)

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual–, as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

7.10. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

Esta materia non é unha materia de continuidade polo que non precisa deste tipo de proba.

7.11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Para levar a cabo a avaliación inicial do alumnado se proporá a lectura dun texto con conceptos filosóficos básicos e se pedirá a resposta a unha serie de cuestións que tentarán valorar a súa capacidade de análise e síntese e captación da información.

Sobre a lectura de ese texto se pedirá ao alumno que:

- Seleccione e subliñe a tese principal e as subsidiarias.
- Exprese en un texto mínimo o sentido que tenta transmitir o texto.
- Defina os conceptos máis relevantes.
- Elabore un esquema coa relación entre os conceptos fundamentais do texto.
- Explique a súa posición respecto ao problema de forma que permita valorar a súa capacidade argumental.
- Propoña un exemplo extraído da literatura, o cine, a arte, a política que explique e poña de manifesto a relación entre o problema filosófico e a cultura actual.

O exercicio valorárase de acordo aos estándares de aprendizaxe do bloque 1 do currículo Contidos transversais de acordo á seguinte rúbrica:

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE TRANSVERSAIS	nulo	básico	bo	avanzado
Lectura comprensiva de textos				

Análise crítico e identificación de teses filosóficas				
Elabora e comprende o vocabulario básico				
Elaboración de esquemas y mapas conceptuais				
Creación autónoma e propia				
Organización ordenada do texto escrito				
Uso dos recursos retóricos e lóxicos				
Comprensión de problemas filosóficos				

En función dos resultados desta proba adaptaranse as actividades propostas nas unidades didácticas e as tarefas finais propostas para cada avaliación.

7.12. Medidas de atención á diversidade

Proporanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografía, cómics, videopresentacións, textos...)

A través da aula virtual da materia garantirase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases.

7.13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

- B1.1. Comentario de texto.
- B1.2. Diálogo filosófico e argumentación.
- B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía.
- B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía.

7.14. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.

Neste curso o Departamento de Filosofía realizará as seguintes actividades:

- Concorrenza á V Olimpiada filosófica de Galicia.
- As presentes na Programación Anual do Centro.

7.15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros:

- Recollerase na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos.
- Realizarase unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizarase unha comprobación dos indicadores seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				

4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

7.16. Plan lector

O proposto para o Plan Lector del Centro.

7.17. Plan TIC

- Uso e manexo da información en contextos dixitais.
- Creación de materiais dixitais como resultado das tarefas propostas ao longo do curso.
- Participación en blogs e plataformas dixitais para crear un PLE.
- Aprendizaxe e uso das aulas dixitais en contorno MOODLE.

8. Psicoloxía

8.1. Introducción e contextualización

A materia de Psicoloxía é unha materia de libre configuración, a que se pode acceder desde calquera das vías do Bacharelato e que proporciona coñecementos fundamentais para o mundo actual xa que serve, tanto de orientación da propia conduta como de introdución aos coñecementos específicos que precisa calquera profesional da saúde ou de traballos que requiran e teñan as relacións persoais, laborais ou sociais como finalidade.

A materia organízase en seis bloques: "A psicología como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conduta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicología social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conduta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construción da nosa personalidade individual e social.

8.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de Psicología, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico, a capacidade de aprender sobre o mundo (CMCCT) e moi particularmente sobre a propia capacidade de aprender e as súas técnicas (CAA). A actualidade dos seus contidos e as múltiples experiencias prácticas permiten un tratamento transversal da materia que incide no coñecemento das relacións entre os diferentes ámbitos da cultura (CSC) e fai necesario usar as redes sociais e tratamento da información procurando deste xeito un dominio nestes eidos (CD). Como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autoconhecimento, o xenuíno desenvolvemento persoal, é unha materia que permite desenvolver o espírito emprendedor (CSIEE). A metodoloxía que aplicaremos na materia insistirá de forma especial na capacidade expositiva do alumnado, tanto de forma escrita, icónica ou verbal (CLL).

8.3. Concreción dos obxectivos por curso

Para esta materia consideramos esenciais os seguintes obxectivos propostos para o Bacharelato, obxectivos que adecuaremos aos contidos específicos da materia

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos e o estatuto específico da Psicoloxía como ciencia e os seus límites.
- j) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.
- k) Impulsar condutas e hábitos saudables en relación coa saúde psíquica.

8.4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

Psicoloxía. 2º de bacharelato PRIMEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 1. A psicoloxía como ciencia						
b e h l	B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud. B1.3. Diversidade de acepcións do	B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato PRIMEIRO TRIMESTRE						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
	<p>termo psicología ao longo da súa evolución.</p> <p>B1.4. Obxecto propio da psicología. A psicología e outros saberes.</p>		<p>ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt.</p>			
			<p>PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicología desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes.</p>	CMCCT	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
d e l	<p>B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicología.</p> <p>B1.6. Facetas teórica e práctica da psicología, e ámbitos de aplicación.</p> <p>B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos.</p>	<p>B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicología, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropología, a economía, etc.</p>	<p>PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicología: describir, explicar, predicir e modificar.</p>	CMCCT	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicología, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc.</p>	CSC	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os méto-</p>	CAA	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>

Psicología. 2º de bacharelato PRIMEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			dos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.).			
a d e g h	B1.8. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas. B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía. B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas.	CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB1.3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros.	CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais.	CD CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta						
e g h i	B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.	B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as	PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais	CMCCT	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos

Psicología. 2º de bacharelato PRIMEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
	B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta.	súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan.	en comparación co humano, valéndose de medios documentais. PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana.		50% Cuestionarios	Instrumentos: Aula virtual
				CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
degi	B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores. B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan.	B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos	PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores.	CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas.	CMCCT	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
ehil	B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos. B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías.	B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.	CMCCT	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB2.3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
acegi	B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina.	B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana.	PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e inves-	CMCCT	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos:

Psicología. 2º de bacharelato PRIMEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
	B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes.	mana, apreciando a relación de causa e efecto que pode existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas.	tiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a conduta feminina e a masculina.		50% Cuestionarios	Aula virtual
			PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, delección, etc.	CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras.	CD CMCCT	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
b c d h	B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina.	B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos.	PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climatario, etc.	CMCCT CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB2.5.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un Instrumentos: que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria						
b d e g h l m	<p>B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.</p> <p>B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicología.</p> <p>B3.3. Leis da percepción da Gestalt.</p> <p>B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.</p> <p>B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc.</p>	<p>B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información.</p>	<p>PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoo dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transducción, transmisión e recepción).</p>	CMCCT	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicología.</p>	CAA CCEC	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías).</p>	CSIEE	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia.</p>	CD	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>
			<p>PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas</p>	CD	<p>Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos</p> <p>50% Cuestionarios</p>	<p>Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos</p> <p>Instrumentos: Aula virtual</p>

Psicología. 2º de bacharelato SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			conclusións a través de soportes de presentación informáticos.			
b d e h	B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción.	B3.2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando críticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos.	PSB3.2.1. Discirne e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer.	CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
b d e g m	B3.7. A memoria. Atención e concentración. B3.8. Tipos de atención. B3.9. Alteracións da atención. B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana. B3.11. Esquecemento: causas. B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc. B3.13. Distorsións e alteracións da memoria.	B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgunhas teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe.	PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir. PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana. PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por depresión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións.	CCL CSIEE CAA CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			PSB3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado.	CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora.	CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento						
b d e g h m	B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social. B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade. B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores.	B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.	PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual.	CCEC CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as	CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores.		50% Cuestionarios	
b d e g m	B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc. B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget. B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia. B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade.	B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana.	PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia.	CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións.	CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
b h	B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias.	B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa.	PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das	CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos:

Psicología. 2º de bacharelato SEGUNDO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional.		50% Cuestionarios	Aula virtual
a b h m	B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial.	B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e xulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas.	PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade.	CMCCT CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade.						
b d e g m	B5.1. Teorías sobre a motivación: homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas. B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin. B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación. B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo.	B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións. PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración).	CAA CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Psicología. 2º de bacharelato TERCEIRO TRIMESTRE						
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros.	CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% Cuestionarios	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
a e m	B2.3. Proceso de humanización: explosión cultural.	B2.3. Describir a orixe e a evolución da especie humana, e a arbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural.	ANTB2.3.1. Describe e explica, mediante ferramentas informáticas, a orixe e a evolución da especie humana.	CD CCL	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB2.3.2. Constrúe a árbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural, e plásmaa nunha produción audiovisual.	CAA CCL CSIEE CD	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
d	B2.4. Relación dialéctica entre o innato e o adquirido.	B2.4. Recoñecer a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir de diversas teorías e modelos.	ANTB2.4.1. Identifica a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir da diferenciación de teorías e modelos.	CCL CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Producción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
a e	B2.5. Antropoloxía e arqueoloxía: do	B2.5. Concretar a achega da arqueoloxía	ANTB2.5.1. Describe a achega da antropoloxía e	CCEC CCL	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios

Antropoloxía. 1º de bacharelato PRIMERA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
	Paleolítico ao xurdimiento dos primeiros estados modernos.	aos estudos antropolóxicos, amosando o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural: Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial.	da arqueoloxía ao coñecemento da evolución humana. ANTB2.5.2. Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural (Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial), e elabora mapas conceptuais.	CCEC CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Instrumentos: Aula virtual Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
a b c d e	B2.6. Unidade e diversidade do ser humano.	B2.6. Describir a complexidade do ser humano a través da súa peculiar unidade e diversidade.	ANTB2.6.1. Identifica e describe mediante pequenos textos a complexidade do ser humano, a través da súa peculiar unidade e diversidade.	CCL CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual

Antropoloxía. 1º de bacharelato SEGUNDA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 3. Antropoloxía cultural						
a b c e h	B3.1. Concepto de cultura.	B3.1 Definir o termo cultura, asumindo a súa complexidade desde diversos puntos de vista.	ANTB3.1.1. Define os trazos característicos da cultura. ANTB3.1.2. Identifica diversas perspectivas na súa concepción.	CCEC CCL CSC CCEC CSC	50% nos cuestionario 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
a b e	B3.2. Interiorización da cultura: axentes e procesos da endoculturación.	B3.2. Describir a interiorización da cultura, salientando os axentes e os procesos da endoculturación.	ANTB3.2.1. Describe o significado da interiorización da cultura. ANTB3.2.2. Identifica e define os axentes e os procesos de endoculturación.	CCL CCL CSC	 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual

Antropoloxía. 1º de bacharelato SEGUNDA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
a b d h m	B3.3. Análise da cultura: perspectivas EMIC e ETIC.	B3.3. Analizar a cultura, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	ANTB3.3.1. Analiza algún elemento cultural do seu contorno e compárao adecuadamente con outras manifestacións culturais, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.	CCEC CSC CSIEE	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
a b c e m p	B3.4. Dinámica das culturas e diversidade cultural.	B3.4. Describir as dinámicas das culturas e a diversidade cultural.	ANTB3.4.1. Describe, analiza e explica algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.	CCL CSC CSIEE CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
a b h	B3.5. Sociedade global.	B3.5. Describir os elementos característicos da sociedade global.	ANTB3.5.1. Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade global.	CCEC CSC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
a b d e n p	B3.6. Producións culturais.	B3.6. Describir as producións culturais e distinguir as materiais das inmateriais.	ANTB3.6.1. Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais.	CCEC CSC CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			ANTB3.6.2. Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Galicia.	CCL CCEC CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
d e n p	B3.7. Linguaxe.	B3.7. Identificar as relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.	ANTB3.7.1. Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.	CCL CSC CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos 50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Produción dos Alumnos Instrumentos: Aula virtual
			ANTB3.7.2. Identifica ás relacións entre lingua e cosmovisión, tendo Galicia como exemplo.	CCL CSC CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

Antropoloxía. 1º de bacharelato SEGUNDA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
a b l n p	B3.8. Arte e técnica.	B3.8. Describir os elementos característicos da arte e da técnica, desde unha óptica histórica e antropolóxica.	ANTB3.8.1. Identifica os elementos característicos da arte e da técnica, e diferéncias desde unha óptica histórica e antropolóxica.	CCEC CSC CCL	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB3.8.1. Describe exemplos de manifestacións artísticas e técnicas en Galicia, e compréndeos no seu contexto.	CCL CCEC CCL	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Producción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
b e	B3.9. Relixión.	B3.9. Identificar os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso, así como os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación.	ANTB3.9.1. Identifica a través de pequenos textos os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso	CCL CCEC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB3.9.2. Define os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación.	CAA CCEC CCL	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
e	B3.10. Saber.	B3.10. Describir os fundamentos antropolóxicos do saber.	ANTB3.10.1. Identifica en pequenos textos os fundamentos antropolóxicos do saber.	CCL CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
Bloque 4. Antropoloxía social						
a b c e	B4.1. Sociabilidade constitutiva do ser humano.	B4.1. Describir a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano.	ANTB4.1.1. Recoñece e describe a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano	CCL CAA CCEC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
e m o	B4.2. Producción de bens e economía.	B4.2. Analizar os procedementos de produción de bens, así como as bases e os tipos de intercambio económico.	ANTB4.2.1. Describe os procedementos de produción de bens.	CCL CSIEE CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB4.2.2. Recoñece os principais tipos de intercambio e as bases da economía, e exemplifícaos na nosa comunidade.	CAA CSIEE CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Producción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
a b c	B4.3. Reprodución social e sexualidade.	B4.3. Analizar os mecanismos de reprodución social e, especialmente, a comprensión da sexualidade.	ANTB4.3.1. Identifica dun xeito concreto os mecanismos de reprodución	CAA CCEC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual

Antropoloxía. 1º de bacharelato SEGUNDA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
			ción social e, especialmente, os trazos típicos da sexualidade.			
a b c g p	B4.4. Relacións de parentesco.	B4.4. Analizar e describir os sistemas terminolóxicos e as teorías sobre o parentesco.	ANTB4.4.1. Analiza e describe os sistemas terminolóxicos sobre o parentesco, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	CCL CD CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB4.4.2. Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega.	CCEC CAA	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
a b d e h	B4.5. Lei, orde e conflito. Guerras e xurdimento do Estado.	B4.5. Analizar as relacións entre individuos, o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras.	ANTB4.5.1. Analiza e identifica as relacións entre individuos.	CCEC CCL CAA CSC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB4.5.2. Describe o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras.	CCL CCEC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
a b c d g	B4.6. Tratamento das diferenzas sociais.	B4.6. Recoñecer o significado da pertenza a grupos estratificados e a súa relación co poder.	ANTB4.6.1. Recoñece, a través de pequenos fragmentos, o significado da pertenza a grupos estratificados.	CCL CCEC CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB4.6.2. Describe a relación dos grupos cos poderes establecidos, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	CCL CCEC CD CSC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

Antropoloxía. 1º de bacharelato TERCEIRA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
Bloque 5. Antropoloxía filosófica						

Antropoloxía. 1º de bacharelato TERCEIRA AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compet clave	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación
d e n	B5.1. Orixe da antropoloxía filosófica.	B5.1. Describir as orixes mediatas e inmediatas da antropoloxía filosófica.	ANTB5.1.1. Describe de xeito sinxelo a orixe da antropoloxía filosófica a comezos do século XX e os seus antecedentes máis afastados.	CCL CAA CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
d e h	B5.2. Análise filosófica da especificidade humana.	B5.2. Caracterizar os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico.	ANTB5.2.1. Identifica dun xeito concreto os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico, en fragmentos filosóficos.	CCL CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
d e n	B5.3. Conciencia da finitude. Historia, vida e morte.	B5.3. Describir a estrutura da subxectividade humana: logos e praxis.	ANTB5.3.1. Describe o logos e a praxis como dimensión característica do suxeito humano.	CCL CCEC CAA	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
b e n	B5.3. Conciencia da finitude. Historia, vida e morte.	B5.4. Analizar o sentido da vida e da morte desde a conciencia da propia finitude.	ANTB5.4.1. Analiza e describe o sentido da vida e da morte tomando como referencia a conciencia da propia finitude, a través de fragmentos filosóficos e literarios.	CCL CAA CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica
b d e n	B5.4. Racionalidade, emotividade e conciencia moral.	B5.5. Analizar a racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa.	ANTB5.5.1. Diferencia os instintos animais básicos da plasticidade da dinámica humana.	CCL CCEC	50% nos cuestionario	Procedementos: Cuestionarios Instrumentos: Aula virtual
			ANTB5.5.2. Identifica os trazos característicos da racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa, mediante pequenos fragmentos filosóficos, literarios ou cinematográficos.	CCL CAA CCEC	Nivel C na rúbrica de avaliación dos traballos	Procedementos: Produción dos Alumnos Instrumentos: Rúbrica

10.5. Consideracións metodolóxicas que requira a materia

Ao tratarse este primeiro de Bacharelato dun curso introdutorio, a materia debe abordar unha panorámica xeral das áreas ás que se refire e deberá dotar ao alumnado da estrutura conceptual e os coñecementos precisos para elixir a perspectiva de estudo antropolóxico que mais se adapte ao seu itinerario de estudos.

As actividades que proporán ao alumnado serán variadas pero cun denominador común: se pretende que o proceso da súa resolución sexa activo e motivador para o alumnado. En xeral poderemos distinguir:

- Actividades de investigación: No contorno inmediato, deberán servir tanto para a aplicación dos coñecementos como das estratexias básicas do traballo de investigación antropolóxico. Tamén nas achegas que na historia da

antropoloxía axudaron a formarse unha idea clara das diferencias e similitudes culturais. Trala lectura das páxinas propostas o alumno deberá reelaborar a información nun documento persoal. En xeral, este tipo de actividades irán encamiñadas a que o alumnado realice tarefas de investigación en diversos materiais, usando para iso textos, documentos gráficos ou a Rede.

- b) O traballo con textos: Non contexto da realización das actividades para a aprendizaxe dos contidos e destrezas, acorde co modelo que aquí estamos propugnando, os textos ocuparán un lugar fundamental, aínda que non serán o único recurso posible. Por unha parte, dada a natureza da materias, o seu uso é inevitable e necesario, posto que a información antropolóxica de culturas alleas non pode ser adquirida de forma empírica. Así que aínda que se ofrezca ao alumnado información a través de medios como a imaxe, o arte ou a música, a explicación e uso dos principais conceptos antropolóxicos só se atopa nas monografías e traballos de campo da materia.

O traballo con textos pretende apartar ao alumnado do memorismo pasivo e harmonizar a aprendizaxe por recepción coa aprendizaxe por descubrimento motivando ao alumnado a realizar unha actividade reconstrutora do aprendido.

Ao longo de cada lección, algúns destes textos ofertaranse unicamente como lectura e outros en cambio irán acompañados de cuestións que inciten á reflexión sobre os mesmos e obrigen ao alumno ou alumna a centrar a atención naqueles conceptos e tesis que o tema sobre o que se está a traballar requira.

- c) O visionado de filmes relacionados coa secuencia de contidos. Esta actividade irá sempre seguida da realización dun traballo sobre a película e a súa relación coa materia. O alumnado estará obrigado a súa realización.

10.6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

A materia terá un seguimento tanto a través da clase presencial como da aula virtual:

O libro de texto de referencia para os contidos da materia será:

- *Antropoloxía*. Editorial Xerais. Autora: Alicia Eva Garea Traba

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=100>

10.7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

a) Criterios de avaliación

- B1.1. Delimitar e precisar o campo de estudo da antropoloxía, así como a súa metodoloxía e as súas técnicas.
- B1.2. Definir e concretar o obxecto peculiar de estudo das ramas da antropoloxía.
- B1.3. Distinguir as peculiaridades das escolas antropolóxicas.
- B1.4. Diferenciar a antropoloxía doutras ciencias sociais.
- B2.1. Establecer a liña filoxenética humana, dando conta das probas sobre a evolución.
- B2.2. Describir, a través das tecnoloxías da información e da comunicación, as bases fisiolóxico-biolóxicas do comportamento humano desde a estrutura e a funcionalidade dos sistemas nervioso e endócrino.
- B2.3. Describir a orixe e a evolución da especie humana, e a arbore xenealóxica dos homínidos ata a explosión cultural.
- B2.4. Recoñecer a relación dialéctica entre o innato e o adquirido a partir de diversas teorías e modelos.
- B2.5. Concretar a achega da arqueoloxía aos estudos antropolóxicos, amosando o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural: Paleolítico, Neolítico, revolución urbana e sociedade industrial.

- B2.6. Describir a complexidade do ser humano a través da súa peculiar unidade e diversidade.
- B3.1 Definir o termo cultura, asumindo a súa complexidade desde diversos puntos de vista.
- B3.2. Describir a interiorización da cultura, salientando os axentes e os procesos da endoculturación.
- B3.3. Analizar a cultura, distinguindo as perspectivas EMIC e ETIC.
- B3.4. Describir as dinámicas das culturas e a diversidade cultural.
- B3.5. Describir os elementos característicos da sociedade global.
- B3.6. Describir as producións culturais e distinguir as materiais das inmateriais.
- B3.7. Identificar as relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.
- B3.8. Describir os elementos característicos da arte e da técnica, desde unha óptica histórica e antropolóxica.
- B3.9. Identificar os aspectos formais e semióticos do fenómeno relixioso, así como os principais paradigmas teóricos para a súa interpretación.
- B3.10. Describir os fundamentos antropolóxicos do saber.
- B4.1. Describir a sociabilidade e a socialización como trazos inherentes ao ser humano.
- B4.2. Analizar os procedementos de produción de bens, así como as bases e os tipos de intercambio económico.
- B4.3. Analizar os mecanismos de reprodución social e, especialmente, a comprensión da sexualidade.
- B4.4. Analizar e describir os sistemas terminolóxicos e as teorías sobre o parentesco.
- B4.5. Analizar as relacións entre individuos, o mantemento dunha cohesión política e a resolución dos conflitos por medio de guerras.
- B4.6. Recoñecer o significado da pertenza a grupos estratificados e a súa relación co poder.
- B5.1. Describir as orixes mediatas e inmediatas da antropoloxía filosófica.
- B5.2. Caracterizar os trazos distintivos do enfoque filosófico sobre a especificidade humana, desde os puntos de vista simbólico e histórico.
- B5.3. Describir a estrutura da subxectividade humana: logos e praxis.
- B5.4. Analizar o sentido da vida e da morte desde a conciencia da propia finitude.
- B5.5. Analizar a racionalidade e a afectividade como dimensións que conforman as bases éticas da persoa.

b) Criterios de cualificación

A comprobación da consecución dos diferentes estándares de avaliación realizarase mediante tres **Procedementos de avaliación**: CUESTIONARIOS, presentación de TRABALLOS PROPOSTOS.

Procedemento	Mínimo	Ponderación	Instrumento
Cuestionario: 2 por avaliación	5 puntos sobre 10	40%	Cuestionario
Traballos propostos na aula virtual	Nivel C na rúbrica de avaliación da avaliación	60%	RÚBRICA

Tanto a corrección dos cuestionarios como a entrega de traballos terá lugar a través da Aula Virtual.

A Media dos traballos para a obtención da cualificación en cada avaliación establecerase a partir das cualificación dos diferentes procedementos SEN REDONDEO.

A recuperación das avaliacións parciais durante o curso consistirá na repetición e entrega dos traballos NON REALIZADOS OU CUALIFICADOS NEGATIVAMENTE e/ou a REPETICIÓN DOS CUESTIONARIOS (segundo as dificultades que teña que superar o alumno/a). Para a súa corrección terase en conta a mesma ponderación que na avaliación ordinaria e as seguintes rúbricas de avaliación por trimestres:

Instrumentos de avaliación

1. Cuestionarios pechados de “escolla múltiple” realizados na aula (un por cada unidade didáctica).
2. Traballos de aplicación propostos na aula, (sínteses informativas, mapas conceptuais, comentarios, cuestionarios etc., de entrega obrigatoria, elaboración de esquemas, seguindo as indicacións precisas que se dean na aula e/ou participación en actividades escolares ou extraescolares do Departamento, lecturas de interese persoal, ou outras tarefas que complementen ou contribúan á consecución dos obxectivos sinalados para esta materia ou apliquen os contidos desta materia a outras áreas ou proxectos do Centro, especialmente aqueles proxectos didácticos recollidos no proxecto educativo do Centro.

RUBRICA PARA TRABALLOS VOLUNTARIOS.				
CRITERIO	A	B	C	D
Contidos	Non se trata o tema mais que superficialmente Non se abordan contidos específicos Non se tiran conclusións Non hai metodoloxía	O tema trátase de forma non significativa Os contidos abordados son pobres Non se tiran conclusións A metodoloxía é insuficiente.	A abordaxe do tema é limitada Abordáanse a maioría dos contidos As limitacións son estudadas parcialmente O método se usa parcialmente Non se extraen conclusións	Está tratado o tema en profundidade Abordáanse todos os contidos delimitados Explícanse as limitacións Usa unha metodoloxía específica Estraense conclusións
Redacción e organización	O aspecto do traballo é descoidado Uso moi deficiente da linguaxe Organización nula das ideas Non se cumpren os apartados	O aspecto do traballo é descoidado Uso deficiente da linguaxe Organización mínima das ideas Non se cumpren todos os apartados	Aspecto coidado A linguaxe é estereotipada A organización de ideas é básica sen contribución persoal Cumprense os apartados propostos	Aspecto coidado e elegante Bo uso da linguaxe Boa organización de ideas Ben a distribución en apartados
Manexo da información	Non se usan fontes de información Non se cita correctamente Non hai bibliografía Non se distingue entre información allea e persoal	Usáanse fontes de información non válidas Non se usa sistema citas Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Non se distingue entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas pero moi básicas Usase un sistema citas non formal Inclúese bibliografía pero de forma incorrecta Distinguese entre información e creación persoal.	Usáanse fontes de información válidas e suficientes Cítanse adecuadamente Inclúese bibliografía de forma correcta Distinguese entre información e creación persoal.
Autonomía	Non hai ningún aspecto do traballo que sexa persoal	Só é persoal a atribución de exemplos e a conclusión de forma mínima	Establece conclusións persoais pero non é quen de analizar o tema desde unha perspectiva propia	Proposta orixinal de análise do tema. Conclusións persoais Autocrítica da propia perspectiva.

c) Criterios de promoción

Para superar a materia deberá obterse cando menos a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións, calculada a partir das cualificacións SEN REDONDEO obtidas en cada avaliación ou nos exames de recuperación correspondentes.

10.8. Avaliación extraordinaria:

Aqueles alumnos/as que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das 3 avaliacións deberán presentarse a un exame final de TODOS OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DO CURSO.

A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos e o alumno/a deberá conseguir cando menos 5 para superar a materia. O exame terá a forma seguinte: Exemplo de exame extraordinario:

Exemplo:

- Comentario de texto. 3 puntos repartidos como segue:
 - Resume e análise teórico (ate 1 punto).
 - Argumentación e análise crítico (ate 1 punto).
 - Definición e uso de termos relevantes (ate 1 punto).
- Cuestión teórica ou problema a desenvolver 3 puntos repartidos como segue:
 - Coñecementos (temáticos ou metodolóxicos (ate 1 punto).
 - Procedementos lóxicos e/ou argumentación (ate 1 punto).
 - Organización da información (ate 1 punto).
 - Definición de conceptos máx 2 puntos.

10.9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

a) Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia				
9. A avaliación foi obxectiva				
10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada				

b) Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático				
17. Avaliáase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

10.10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Non hai alumnos nesta situación por ser o primeiro ano de implantación da materia.

10.11. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

A materia non é chave e non é preciso este procedemento.

10.12. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Realizarase unha avaliación inicial no mes de setembro que consistirá en:

Cuestionario que incluírá os seguintes aspectos:

- Motivacionais (as razóns de elección da materia).
- Coñecementos previos da materia: traballos realizados previamente, coñecementos biolóxicos e científicos relacionados.
- Expectativas de futuro respecto á continuidade de estudos na materia.
- Visión previa da Psicoloxía.
- Capacidades e intereses do alumnado.
- Acceso a recursos analóxicos e/ou dixitais.

En función dos resultados desta avaliación previa, proporanse ao alumnado actividades que correspondan, ben coa súa necesidade de adquisición de coñecementos técnicos cara estudos futuros, ben cos seus intereses persoais de forma que a aprendizaxe sirva para completar outras áreas do seu interese.

10.13. Medidas de atención á diversidade.

En función das capacidades do alumnado e os seus intereses realizaranse modificacións na proposta de traballos que tentarán responder a un necesario axuste entre necesidade, capacidades do alumno e contidos da materia. Tamén poderán variarse os tempos e elementos das probas extraordinarias, sempre en función dun informe previo das necesidades por parte do Departamento de Orientación.

Tamén se tomarán en conta as posibilidades de acceso aos recursos analóxicos e/ou dixitais que teña o alumnado.

10.14. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

10.15. **Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

- Participación na Olimpiada Galega e Nacional de Filosofía.
- As previstas no Plan Anual do Centro

10.16. **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

A fin de poder mellorar a programación didáctica dos anos vindeiros:

- Recoller na memoria final do curso os resultados da avaliación do alumnado por materias e cursos
- Realizar unha valoración para seleccionar as achegas do alumnado que poidan incorporarse á programación do ano vindeiro.
- Realizárase unha comprobación dos indicadores seguintes:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				

10.17. **Plan lector**

O proposto para o Plan Lector del Centro.

10.18. **Plan TIC**

- Uso e manexo da información en contextos dixitais.
- Creación de materiais dixitais como resultado das tarefas propostas ao longo do curso.
- Participación en blogs e plataformas dixitais para crear un PLE.
- Aprendizaxe e uso das aulas dixitais en contorno MOODLE.

11. **Aplicación dos plans e proxectos do centro**

11.1. **Plan lector**

O plan lector do departamento terá como obxectivo fundamental traballar os aspectos interdisciplinares que require cada materia e afondar nas temáticas presentadas ao longo do curso para lograr unha integración correcta dos coñecementos e a súa aplicación real na práctica.

Encargaranse traballos que esixirán recoller información de medios diversos, analizala, tratala e reelaborala, de acordo coas indicacións do profesor.

Historia da Filosofía de 2º bacharelato

A materia de Historia de Filosofía desenvólvese ao redor da lectura guiada de textos dos filósofos máis relevantes. Traballárase con escolmas de textos de Platón, Aristóteles, Descartes e Kant, fundamentalmente e propórase a lectura de obras completa de fácil acceso de forma voluntaria:

1º trimestre

Lecturas

- Selección de textos dos autores contemplados no programa.
- *Luces y Sombras el Sueño de la Razón en Occidente*. Felix García Moriyón. Ediciones De la Torre.

Cine

- *El Mundo de Sofía*. Erik Gustavson (1999)

2º trimestre

Lecturas

- Selección de textos dos autores contemplados no programa.

Cine

- *Sócrates* de Rosellini
- *Descartes* de Rosellini.

3º trimestre

Lecturas

- *Verdade e Mentira en Sentido Extramoral*. F. Nietzsche.

Cine

- *El Día que Nietzsche lloró*. Pinchas Perry. 2007

Psicoloxía 2º Bacharelato

O plan lector da materia terá como obxectivo fundamental incidir na ampliación dos coñecementos sobare a materia, a demanda do alumnado e potenciar a transversalidade dos contidos e a súa aplicabilidade a contextos diversos. Encargaranse traballos que esixirán recoller información de medios diversos, analizala, tratala e reelaborala, de acordo coas indicacións do profesor.

1º trimestre

Lecturas

- Selección de textos dos autores contemplados no programa.

- ***El Lenguaje Secreto de la Mente***: guía visual de los misterios de la conciencia (1997). Cohen, D. Circulo de Lectores, S. A. Unha mirada ao interior da conciencia humana que fai un repaso ás cuestións que teñen preocupado a filósofos, científicos e psicólogos ao longo da historia. Unha guía visual e ilustrada que nos permite comprender mellor o que é ser plenamente humanos e nos mete de cheo nos misterios da conciencia.
- ***Neurociencia para Julia***. Xurxo Mariño. Edit. Laetoli "O sistema nervioso —escribe o autor— é a esencia do teu ser. Úsalo agora mesmo para poder ver, ler e comprender este texto; algo que fas con naturalidade e sen esforzo". Neste libro faise un repaso pola estrutura e funcións do noso sistema nervioso, dunha forma amable e comprensible. Un libro ameno para comprendernos mellor a nos mesmos.
- ***O Alienista Machado de Assis*** (2000) Edit. Zeta: O Doutor Simão Bacamarte volta ao seu pobo para dedicarse nel á súa profesión. Despois dun tempo comeza a interesarse polos estudos de psiquiatría e constrúe na cidade un manicomio que chama A Casa Verde, para poder internar aos tolos da zona. Pouco a pouco, o doutor Bracamante vai pechando nel a case todos os habitantes, e construíndo novas tipoloxías de tolemia...
- ***El Curioso Incidente del perro de medianoche*** Mark Haddon (2000) Edit. Salamandra (2007): A través dunha linguaxe sinxela a historia achéganos á mente do protagonista, un rapaz con síndrome de Asperger, e axúdanos a comprendelo. O autismo é unha das enfermidades do sistema nervoso cunha expresión na conduta e na vida dos individuos claramente observable.

Cine

Visionado das seguintes películas:

- ***Despertares*** Penny Marshall (1990) baseáase na epidemia de encefalite alerxica que tivo lugar durante os anos 20. Ou doutor Malcolm Sayer chega novo a prestar servizo na sala de doentes en coma nun hospital de Nova York e un día observa como un doente recolle instintivamente os seus lentes pese a estar en estado catatónico. Entón comeza a experimentar tratamentos que leven á súa curación. A película está baseada na biografía do neurologo Oliver Sachs.
- ***Solaris***: Tarkosky (1972) A acción da película desenvólvese nunha estación espacial que orbita o planeta Solaris. O seu núcleo central son as relacións entre seres humanos cando quedan expostos ante os demais os desexos máis íntimos. Enfrontar o descoñecido require para os individuos esixe un coñecemento do que un é.

2º trimestre

Lecturas

- Selección de textos dos autores contemplados no programa.
- ***Irracionalidad***. El enemigo interior. Sutherland, S. (1996). Madrid: Alianza Editorial. Un libro ameno e accesible sobre os sesgos cognitivos e a formación dos prexuízos. Trátanse os principais erros no razoamento e achegáanse exemplos claros deles e as consecuencias que teñen nas distintas áreas do coñecemento e a vida cotiá.
- ***Enrugas*** novela gráfica de Paco Roca (2007) aborda a vida nunha residencia xeriátrica e o ingreso de Emilio, un antigo executivo que padece Alzheimer. Os síntomas da súa enfermidade e a adaptación a esa nova realidade inflúen tanto nas relacións que establece dentro da residencia coma na súa propia identidade.
- ***Pensar rápido, pensar despacio*** (2014) Daniel Kahneman, Edit. Debate. O libro ofrece unha perspectiva nova do cerebro, en función de dos sistemas que modelan o noso pensamento. O sistema 1, rápido, intuitivo e emocional. O sistema 2 lento, deliberativo e lóxico. Kahneman, experto en teoría das decisións, expón a importancia do pensamento rápido pero tamén os seus erros e sesgos. O libro propón unha animada reflexión sobre como pensamos

e sobre o poder que teñen as intuicións nas nosas decisión para axudarnos a usar distintas técnicas que nos protexan dos fallos mentais e dos problemas que provocan.

- **Yo Robot.** Asimov, I. Edhasa (2009) Unha reunión de relatos nos que se tratan os principais problemas que poderían xurdir nunha suposta mente “positrónica”. Os relatos propoñen diferentes situacións nas que se atoparían os robots intelixentes e aos que especialistas en robótica terán que enfrontarse a novas enfermidades psicolóxicas, paradoxos lóxicos ou inxenosos exercicios intelectuais. A protagonista de boa parte dos relatos é Susan Calvin, experta en robopsicoloxía.

Cine

Visionado das seguintes películas:

- **Memento.** C. Nolan (2000) narra a historia de Leonard, quen despois de sufrir un trauma cerebral que lle causou amnesia anterógrada, non é quen de almacenar novos recordos pero posúe unha memoria sensorial intacta. Para "recordar" crea un sistema usando fotos coas que elabora un rexistro da xente que coñece, os sitios que visita ou os lugares onde debe estar. Os temas centrais da película son a natureza da memoria, a identidade, o tempo e a recreación da realidade.
- **El Milagro de Anna Sullivan.** Arthur Penn (1962) Unha familia contrata a Anna Sullivan, cega, para educar a Helen, unha nena sorda e cega desde os 3 anos. A profesora debe enfrontar a educación dunha nena, xa adolescente, que semella incapaz de someterse a ningunha disciplina e que non pode comunicarse. Hellen vive illada nun mundo propio e o reto da mestra será conseguir romper a burbulla na que vive dotándoa dunha linguaxe que lle permita comunicarse cos demais e comprender o seu mundo.

3º trimestre

Lecturas

- Selección de textos dos autores contemplados no programa.
- **El Universo de las Emociones.** Rafael Bisquerra, Eduard Punset e Palau Gea. Intenta ofrecer unha representación gráfica das emocións humanas unindo ciencia e arte. Inclúe 307 emocións nun mapa que permite visualizar e comprender o noso comportamento como seres humanos. Páxina do proxecto en <http://universodeemociones.com/>
- **La estrategia del Océano Azul.** W. Chan Kim y Renee Mauborgne. Neste libro defínense as novas estratexias de empresa que inciden máis na innovación ca na competencia e, a través do exemplo dunha empresa radicalmente innovadora coma O Cirque du Soleil, podemos ver a nova estrutura organizativa e as consecuencias que ten nas relacións laborais, a selección de persoal ou a promoción e liderado.
- **El método Grönholm.** J. Galceran. (2005) Obra de teatro que representa a historia dos catro últimos aspirantes a conseguir un cargo executivo nunha multinacional. Unha proba conxunta deseñada polos psicólogos da empresa decidirán quen se queda co traballo. A proba convertese nunha loita onde a crueldade e a falta de escrúpulos semella non ter límites.
- **Un Mundo Feliz.** A Huxley. Plaza y Janés, DeBolsillo (2000). A novela describe un mundo no que as emocións e os sentimentos desapareceron, a conduta das persoas condiciónase para que non teñan medo á morte e cumpran as súas funcións sociais e a felicidade provén dunha droga (soma) que non ten efectos secundarios físicos indesexables pero que tende a facer dos individuos seres submisos. A pregunta que nos propón a lectura do libro é como sería o ser humano nese mundo e en que medida serían seres humanos sans. En contraposición a novela mostra tamén a vida en “mal país”, un mundo similar ao que coñecemos, no que o prezo da liberdade e as emocións son a enfermidade, o medo a soidade e a morte.

Cine

Visionado das seguintes películas:

- **Del revés.** Pete Docter (2015). Na película podemos coñecer da man de Riley, a protagonista, como procesa a nosa mente os recordos, as emocións e a percepción da realidade, como construímos a nosa personalidade a través de eses procesos e tamén como se producen as alteracións psicolóxicas que poden dificultar a nosa maduración psicolóxica. A película está baseada na clasificación das emocións de Paul Ekman desenvolta en 1972.
- **La ola.** Denis Gansel (2008). A acción transcorre nun centro educativo alemán, durante a semana de proxectos que ten por obxectivo investigar nos diferentes sistemas políticos. Un grupo de alumnos elixen como opción a Autocracia e o profesor decide que poden realizar o experimento de conformar un grupo dirixido por un líder carismático e deseñar unha organización vertical. O grupo confórmase ao elixir democráticamente ao líder e a través de lemas: “O poder mediante a disciplina”, “forza mediante a comunidade”, “forza a través da acción”, “forza a través do orgullo”. A normas, a forma de vestir ou as relacións dos individuos dentro do grupo van conformando pouco a pouco a organización, ate o punto de que ningún dos individuos que pertencen a el, terá xa control sobre ela.

Filosofía 1º Bacharelato

1º trimestre: o problema da realidade e o seu coñecemento.

Lecturas

- *Platón y el cine: enseñanzas ocultas en las películas de hoy.* Un recorrido por el séptimo arte de la mano de la filosofía y la mitología Christian rodway , kier (argentina), 2009.

Cine

Abordaremos a través do cine Historia da Filosofía e os seus problemas.

- *El Mundo de Sofía.* Erik Gustavson (1999).

2º trimestre:

Lecturas

- *Neurociencia para Xulia* de Xurxo Mariño. Edit. Laetoli.
- *La investigación.* Stalisnaw Lem. Edit. IMPEDIMENTA, 2011.
- *La Fiebre del Heno.* Stalisnaw Lem Edit. IMPEDIMENTA, 2011.

Cine

Abordaremos a través do cine a acomplexidade da percepción e a vinculación entre ilusións perceptivas e a construción subxectiva da realidade.

- *Matrix*, de Bthrs. Wachowski (1999).
- *Abre los Ojos de Aménabar* (1997).

3º trimestre:

Cine

Abordaremos a través do cine o tema autoritarismo e democracia.

- *La Ola*. Denis Gansel (2008).

Lecturas:

- *Un mundo feliz*, Huxley. ed. Planeta DeAgostini, 2006.

Educación para a cidadanía e valores éticos:

Lecturas

- *Lisa*. Matthew Lipman Ediciones De la Torre 2013.
- *El descubrimiento de Harry* Matthew Lipman Ediciones De la Torre 2013.

Cine

- *Intocable* Olivier Nakache (2011).
- *Cadena de Favores* Mimi Leder (2000).
- *La Vida de Pee* Ang Lee (2011).
- *Matar a un Ruiseñor* Robert Mulligan (1962).
- *Precious* Lee Daniels (2009).
- *El Hombre Elefante* David Lynch (1980).
- *Promises* Justine Shapiro (2001).

Medios que se utilizarán para a súa difusión:

- Publicación en Aula virtual de las diversas materias.
- A través del Plan lector del Centro.

11.2. Plan TIC

OBXECTIVOS

Dixitalización dos materiais para as materias do currículo LOMCE.

Construción da aula virtuais para:

2º BACHARELATO

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/aulavirtual/course/view.php?id=98>

1º DE BACHARELATO

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesbrion/aulavirtual/course/view.php?id=154>

FILOSOFÍA 4º ESO

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=225> (en fase de transformación á espera da implantación do novo currículo).

VALORES ÉTICOS

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=43> (en construción).

PSICOLOXÍA

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=258> (en construción).

ANTROPOLOXÍA

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesames/aulavirtual/course/view.php?id=100>

12. Actividades extraescolares e complementarias

12.1. *Conmemoracións*

Prepararanse cartafóis conmemorativos para celebrar as seguintes datas:

- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 1 ao 11 de decembro: Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro: Día da Paz.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 10 ao 14 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- Entre o 11 e o 30 de abril: Día do libro.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio : Día de Europa.
- Do 8 ao 17 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Ambiente.

12.2. *Saídas fora do centro*

- Neste curso 2020-2021, dada a situación provocada polo COVID 19, non se programan saídas fora do centro.